PUBLICACIÓNS DO CENTRO
**RAMÓN PIÑEIRO**
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

# Cultura Gallega
## (A Habana, 1936-1940)

## (Facsímile dos anos 1936-1937)

**XUNTA DE GALICIA**

# Cultura Gallega

**(A Habana, 1936-1940)**

**(Facsímile dos anos 1936-1937)**

PUBLICACIÓNS DO CENTRO
**RAMÓN PIÑEIRO**
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

# Cultura Gallega
## (A Habana, 1936-1940)

## (Facsímile dos anos 1936-1937)

**Introducción**
Luís Alonso Girgado

**Colaborador**
Xoán Carlos Rodríguez Pérez

**Índices**
Josefa Beloso
Natalia Regueiro

**Referencias hemerográficas**
Yolanda Vidal Felipe
Dania Vázquez Matos

**Edita**
Xunta de Galicia.
Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria.
Centro Ramón Piñeiro para a
Investigación en Humanidades.

**Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria**
Celso Currás Fernández

**Director Xeral de Política Lingüística**
Manuel Regueiro Tenreiro

**Coordinador Científico**
Constantino García

**Director Técnico de Literatura**
Anxo Tarrío Varela

**Reproducción Facsimilar e Impresión**
Grafinova, S.A.
Santiago de Compostela

**ISBN**

**Depósito legal:** C-1294/99

O presente facsímile de *Cultura gallega*, que reproduce na súa integridade os dous primeiros anos da xeira da publicación (1936-1937), está baseado na colección existente na homeroteca do **Instituto de Literatura e Lingüística da Habana**, que colaborou decisivamente para que o noso labor fora posible. O devadito Instituto asinou un convenio de cooperación co Centro Ramón Piñeiro e froitos deste, ata agora, son o presente facsímile e mailo de *A gaita gallega*, de vindeira publicación.

INSTITUTO DE
LITERATURA Y
LINGUISTICA

# Presentación

Pouco despois de presenta-la edición facsimilar de *La Alborada* e *La Tierra Gallega*, o Centro Ramón Piñeiro, no seu labor de recuperación da nosa prensa da emigración en Cuba, dá un novo paso con *Cultura Gallega* (1936-1940), publicación que os especialistas en hemerografía galega salientan como unha das máis importantes e de maior interese para coñece-la realidade social, política e cultural dos galegos en Cuba. Estamos, así, diante dun valioso documento que, presidido pola permanente lembranza da emblemática e mitificada figura de Rosalía de Castro, recolle nas súas páxinas unha amplísima información do Centro Galego e das sociedades de beneficencia e instrucción que converxían nel.

Débese ter en conta o contexto histórico de *Cultura Gallega*, pois a cronoloxía da publicación coincide co desenvolvemento das tráxicas circunstancias da guerra civil en España, feitos que non pasaron desapercibidos na revista, aínda que esta adoptou un posicionamento neutral, ecléctico.

Pero en *Cultura Gallega* temos, sobre todo, claves que identifican a unha meritoria publicación periódica: prestixiosos colaboradores (Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez, Ramón Fernández Mato, Xerardo Álvarez Gallego, Ramón del Valle-Inclán, Eduardo Blanco Amor e moitos outros); coidado e abondoso material de ilustración; puntual e pouco coñecida información e páxinas de temática cultural, case sempre referidas á cultura galega, que representan un esforzo de redescubrimento do pasado e rexistro do presente. Un percorrido —ó que agora tódolos galegos temos acceso— por *Cultura Gallega* evidencia que o ámbito da nosa emigración non esqueceu a imaxe afastada pero viva da terra galega.

**Celso Currás Fernández**

**Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria**

## Índice Xeral


Presentacións

**Músicos galegos en Cuba**, por Isidoro Guede

**Canle mensual de cultura,** por Xosé Neira Vilas

I— Introducción: *Cultura Gallega* (1936-1940)

1. Caracterización xeral da revista.

1.1. Os problemas económicos.

1.2. O Centro Galego

1.3. A sociedade Hijas de Galicia

1.4. A atención á música

1.5. Noticia biobibliográfica dalgúns colaboradores

2. Descrición da xeira de 1936:

2.1. Os números:

2.2. Sumarios

2.3. Colaboradores

2.4. Balance do ano

3. Descrición da xeira de 1937:

3.1. Os números

3.2. Sumarios

3.3. Colaboradores

3.4. Balance do ano

4. Descrición da xeira de 1938-1940:

4.1. Os números

4.2. Sumarios

4.3. Colaboradores

4.4. Balance final

5. Anexo: a hemerografía galega de Cuba na Biblioteca Nacional José Martí.

II— Facsímile do ano 1936

III— Índices

IV— Facsímile do ano 1937

V— Índices

## Músicos galegos en Cuba

por Isidoro Guede[1]

Debo cumpri-lo encargo de reivindica-la memoria dalgúns músicos galegos que a finais do século pasado e comezos do actual foron a Cuba e alí triunfaron. Comprendo que non é fácil, aínda que teño que recoñecer que o fago gustoso porque tiven a sorte de vivir parte daquel tempo en contacto persoal con eles e mesmo algúns foron da miña familia.

Antes de inicia-la relación de nomes convén considera-la época en que transcorreu a vida destes músicos, pois xustifica, dalgunha maneira, a súa decisión de abandona-las súas vilas para partir a unha illa arredada, onde ían desenvolver toda a súa personalidade. Eran os momentos en que a emigración cara a América aparecía ante os españois, e dun modo especial ante os galegos, como a única saída válida a situacións vitais e económicas difíciles, opresivas e sen horizontes. Debo frea-la tentación de ensaia-la teoría das causas que empurraban ós homes e mulleres de Galicia a outras terras estrañas, mais a necesidade, a penuria económica, a ausencia dun futuro claro, por mencionar só algunhas, son as de máis consideración. Tampouco faltan explicacións idealistas e literarias que sosteñen un certo impulso aventureiro que contrastaría moito co contrapeso da morriña que se apoderaba de cantos se afastaban da súa patria.

En calquera caso —e como non se trata de dilucidar esa cuestión, interesante, sen embargo—, o certo é que dende esta Fisterra europea, moitos galegos lanzáronse á aventura de cruza-lo mar na busca dun mundo mellor, con máis expectativas e case sempre coa intención de, gañado abondo, volver para unha instalación definitiva, máis confortable e desafogada. Moitos lográrono: son os emigrantes que en Cuba, por exemplo, constituíron unha Colonia con tanto poder político como o que tiñan os naturais do país. Outros, pola contra, víronse na obriga de retornar, vencidos pola morriña, pola saudade ou pola enfermidade. Non obstante, aínda aqueles que regresaron para morrer na súa terra e que puideran ser considerados como fracasados, tiveron nos seus beizos o doce nome de Cuba, que conservaron no seu recordo con gratitude.

Entre os milleiros de galegos que emigraron a Cuba e que alí se dedicaron a traballar nos distintos sectores (agricultura, industria, comercio...), foron algúns músicos: uns, solidamente instruídos; outros, aspirantes que na illa se formaron e triunfaron. Todos eles foron capaces de ergue-la marabilla arquitectónica do Centro Galego da Habana e da Benéfica, que atendían a súa saúde

[1] Isidoro Guede foi colaborador de *Cultura Gallega* (A Habana, 1936-1940) e crítico musical de *La Región* de Ourense, xornal no que continúa a colaborar na actualidade.

cultural, social e física. Na biblioteca dese Centro poderían atoparse algúns dos datos máis importantes relativos á actividade destes músicos galegos dos que imos falar de seguido, mais as circunstancias vividas por Cuba nestes últimos corenta anos vedaron e vedáronme o acceso a estes. Debo contentarme, pois, coas miñas anotacións persoais, as miñas lembranzas da infancia e do tempo en que tiven a sorte de convivir con moitos deles, algúns dos cales non regresaron endexamais á súa terra.

**Chané**

José Castro Suárez, Chané, é dos poucos artistas que cando chegou a Cuba xa destacara como músico en Galicia. Viu a luz por vez primeira en Santiago de Compostela o 16 de xaneiro de 1856. Aínda que recibiu as súas primeiras clases musicais de seu pai, excelente concertista ferrolán que lle transmitiu o seu dominio da guitarra, da bandurra e da cítara, a formación musical de Chané caracterízase pola circunstancia de que en Galicia a música era, no seu tempo, coral. A música instrumental faciana as bandas de música, sobre todo as militares. Por iso compuxo fundamentalmente para agrupacións corais, unha das cales, o orfeón El Eco da Coruña, cimentou a súa fama de director. Segundo conta Emilio Pita, xa ós catorce, en 1870, fixera xiras artísticas por España con seu pai e seu irmán Constante, tocando a guitarra ou a bandurra e cantando. Pouco despois dirixiu un coro infantil en Santiago de Compostela. Cumpriu o servicio militar como músico do cuarto Rexemento de Artillería e estudiou Harmonía e Composición con Bernardo Noriega.



*O mestre Chané, gran figura da música galega*

Tras asentarse na Coruña, ocupou unha cátedra na Escola de Belas Artes e dirixiu o orfeón El Eco. Nesta etapa obtivo resoantes éxitos polas súas admirables interpretacións e a súa maxistral dirección: triunfou cun grupo de afeccionados nun certame celebrado na Coruña en 1880; conseguiu os primeiros premios de varios certames pontevedreses co Orfeón Coruñés e co Orfeón El Eco. Con este último, do que foi o seu primeiro director, alcanzou gran fama e importantes galardóns: obtivo o primeiro premio do Concurso Internacional organizado por unha sociedade madrileña e especial relevancia tiveron os seus triunfos no Certame Musical de Barcelona de 1888 (o que motivou que a Sociedad Musical Matritense o nomease socio de mérito e que Chané tivese que dar concertos presididos pola infanta Isabel ou a raíña rexente) e no festival celebrado no Palacio do Trocadero de París,

premios polos que foi bautizado como “el Clavé gallego”. Conta Faginas, un dos seu biógrafos, que nunha das súas actuacións con El Eco en Madrid comunicou “sotto voce” a nota inicial momentos antes de saír a cantar ás distintas “cordas” do orfeón, causando xeral sorpresa no público que viu cómo rompían a cantar sen que o director tivera que percorre-lo semicírculo coral dando o ton.

Foi no ano 1893 cando Chané marchou a Cuba, suprimida a cátedra que ocupaba na Coruña. Conta o cronista Juan Naya que para despedilo se reuniron, na casa de don Paco Tetamancy, un grupo de amigos: Murguía, don Eugenio Carré, don Alejandro Barreiro e outros varios. Co ánimo que estes lle infundiron, embarcouse, como diría o seu amigo Curros, en “aleve negreiro vapor”. Xa na Habana, e cun recoñecido talento musical, foi de seguida encargado da dirección do orfeón Ecos de Galicia e a sección musical do Centro Galego habaneiro, cargos que desempeñou ata a súa morte, acontecida en 1917. Ben cedo alcanzou unha rotunda notoriedade na illa, tanto nas súas actuacións públicas como ó coidado da música nestas institucións. A súa popularidade e rigorosidade profesional quedan ben patentes nas eloxiosas críticas que recibiu nos xornais da Habana de respectados críticos —como Juan de la Cuesta— ou do mesmo Curros; nos premios cos que foi homenaxeado (recibiu do Centro Astur o loureiro de ouro e da sociedade “Aires da miña terra” unha batuta de ébano e ouro) ou nos cargos que ocupou (foi, ademais, socio benemérito da Asociación de Beneficencia de Galicia e secretario da Sociedade Iniciadora e Protectora da Academia Galega).

No ano 1908 Chané volveu fugazmente a Galicia, acompañando o cadáver de Curros Enríquez. Recordando esta data o mencionado Naya escribiu en certa ocasión: “Curros e Chané, que espiritualmente se xuntaron en *Un adiós a Mariquiña*, xuntos tamén na nosa necrópole seguirán falando na voz dulce do misterio, fala eterna, sen palabras”.

Morreu na Habana o 27 de xaneiro de 1917. Os seus restos foron trasladados ese mesmo ano á Coruña, onde, en marzo de 1917, recibían sepultura. Nas vésperas da festividade do apóstolo de 1923 celebrouse, en Santiago, unha homenaxe en memoria do ilustre músico, colocándose na súa casa natal do Ramal de Pitelos unha lápida conmemorativa. Ó discurso que con tal motivo pronunciou o alcalde santiagués contestou, con emotivas palabras, o eminente xurisconsulto don Manuel Casás.

Entre as súas composicións poden salientarse, entre outras: *Una broma pesada*, estreada na Coruña en 1873; *Tarangaño*, *Un adiós a Mariquiña*, *Os teus ollos* e *Unha noite na eira do trigo*[2], todas elas con letra de Curros Enríquez; *A Foliada*, *Gaiteriño que pasa*, *A lúa de Cangas*, estreada, nunha velada en honor a Pastor Díaz co seu orfeón na Habana; tamén, *A mahiana*.

---

[2] Sobre a orixe desta canción con letra de Curros Enríquez (ó parecer foi o seu primeiro poema en galego), véxase a obra de Xosé Neira Vilas, *A lingua galega en Cuba*, Vigo: Consello da Cultura Galega, 1995, pp. 93-94.

**Sinesio Fraga Vila**

Unha das figuras verdadeiramente importantes do conxunto de músicos galegos que se estableceron en Cuba foi a de Sinesio Fraga Vila. Naceu en Santa Marta de Ortigueira, provincia da Coruña, o 31 de marzo de 1891. Emigrou pronto a Cuba, establecéndose na Habana, onde, perfectamente instalado na sociedade cubana, comezou a se destacar de forma relevante entre os músicos profesionais e a influír notoriamente na música cubana, independentemente da súa orixe galaica, polo que acadou unha destacada importancia profesional. Ben cedo entrou a formar parte da Banda de Música do estado Maior do Exército Constitucional, onde comezou a desenvolve-lo seu talento, consolidando unha cultura musical que foi ponderada polos máis prestixiosos músicos da época —estamos no primeiro cuarto do século actual, cando xa a arte musical cubana comezou a ter personalidade propia e adquiriu rango internacional— ou escribindo algunha das obras que lle deron un lugar sobranceiro na escala de notables compositores como, por exemplo, as *Sonatas de Suevia*.

Pero non foi só compositor. No ano 1930 publicou, na Habana, a súa obra *Teoría Elemental de la Música*, volume moi ben acollido pola crítica e fixado como texto en varios centros de ensinanza musical de Cuba. Cómpre, neste senso, co fin de calibra-lo mérito do devandito libro, resalta-la insigne personalidade dos críticos que emitiron publicamente os seus positivos xuízos pola publicación da obra: Pedro Sanjuán, director da Orquestra Filharmónica da Habana; Benjamín Orbón, director dun dos centros de Ensinanza Musical da capital cubana; Gonzalo Roig, fundador e director da Orquestra Sinfónica da Habana; Amadeo Roldán, un dos máis destacados compositores cubanos da época, ou María Muñoz de Quevedo, fundadora da Sociedade Coral da Habana, verdadeira iniciadora da música coral en Cuba, entre moitos outros.

Como home de gran cultura e vastos coñecementos, inicia a súa colaboración en varias publicacións periódicas como *El Eco de Galicia*, *Galicia*, *Nós*, *Cultura Gallega* e outras, desenvolvendo, basicamente, nunha faceta tan importante como foi a crítica musical, ademais do seu labor de divulgación de coñecementos musicais. Unha cualificación positiva de Sinesio Fraga dunha obra ou dunha actuación musical chegou a ser considerada como un galardón, a forza de ser prestixiosa.

Aínda que permaneceu en Cuba, perdémo-la súa pista chegada a Revolución, como a de tantos outros que se esvaeceron na loita que deu orixe ó réxime que aínda continúa vixente en Cuba.

**José Guede Rodríguez**

Creo o meu deber advertirlle ó lector que José Guede Rodríguez foi meu pai. Como este traballo vai formar parte do volume da reproducción facsimilar da revista *Cultura Gallega* podería deixar fóra este nome, porque no número 67 da devandita revista, editada en xaneiro de 1939, hai unha ampla e rigorosa reportaxe realizada con motivo do seu falecemento e como homenaxe póstuma a este músico tan representativo. As páxinas levan sinaturas do director da revista, Adolfo Víctor

Calveiro; do ilustre músico galego Ricardo Fortes; do eminente escritor Ramón Fernández Mato ou do cronista de *El Mundo*, Juan Bonich. Non obstante, entendo que hai que facer, polo menos, unha rápida panorámica sobre un dos artistas máis destacados da música en Cuba, non só como compositor, senón tamén como colaborador de compositores cubanos na instrumentación das súas obras; como director da Coral Saudade do Centro Galego da Habana ou como unha das máis salientables figuras no teatro lírico cubano, como sinala Bonich no artigo que lle dedica.

Nado en San Verísimo de Seixalbo (provincia de Ourense) o 9 de novembro de 1888, José Guede Rodríguez marchou a Cuba cando a penas tiña quince anos, cunha modesta bagaxe cultural que adquirira na escola rural e cuns básicos coñecementos de gaita, tamboril e bombo que lle permitiran actuar en diversas festas acompañado por seus irmáns, entre eles o tamén distinguido compositor Emilio. Na Habana desempeñou traballos moi diversos e, cunha fonda e irrefreable vocación musical, estudiou fervorosamente con profesores de música que logo foron grandes amigos seus para se converter, andando o tempo, en "o mellor timbaleiro de América". Un crítico habaneiro, ó falar del, explicaba que moitos dos máis destacados compositores e directores de orquestra do mundo tiveran a súa orixe "nos parches", alusión ós timbais, poñendo como exemplo a Saint-Saëns.

Na Habana fixo unha entrañable amizade co poeta Ramón Cabanillas, de quen musicou o poema "Eu tiña corazón". Así mesmo, tamén lles puxo música ás composicións "Anduriñas do mar" de Manuel Gondell Linares, e a un dos poemas de Xulio Sigüenza, integrado no seu libro *De los Agros Celtas*. Segundo Adolfo Víctor Calveiro "É digno de notar que tanto Gondell Linares como Sigüenza, que alardeaban moito de galeguismo, non adoitaban facer versos en galego, debéndose a Guede que escribiran as súas primeiras poesías en lingua vernácula, pois o compositor púxolles esa condición para lles musicalizar algunha das produccións dos primeiros".

O mestre Guede foi un grande instrumentista e así o evidencian obras como *Anduriñas do mar* ou *Eu tiña corazón* —adaptadas á orquestra cunha magnífica riqueza instrumental—, ou ilustres músicos como Fortes Alvarellos, que di neste sentido: "En preceptiva orquestral foi onde máis culminaron as súas pouco comúns facultades. As escasas veces que tivo ocasión de facer instrumentacións para orquestras completas, en todas puxo sempre algo do seu propio numen..."



*O mestre Xosé Guede, director da Agrupación Artística Saudade.*

Colaborou con entusiasmo e eficacia na creación da Ópera Nacional Cubana, na que tivo unha significativa actuación, ó mesmo tempo que facía "tournées" co conxunto italiano Opera Bracale e colaboraba como intérprete na orquestra ou como "suggeritore".

Como director de Saudade, coral que Guede dirixiu desde a súa fundación (1938) e na que figuran boa parte das súas composicións, alcanzou logros magníficos, así como tamén obtivo grandes éxitos nas súas xiras musicais á fronte de bandas e orquestras.

Morreu na Habana o 15 de xaneiro de 1939, poucos días despois de dirixi-la coral Saudade e a Orquestra Sinfónica cun memorable concerto que rematou a súa vida artística.

**Joaquín Zon**

Joaquín Zon naceu en San Cibrán de Viñas (provincia de Ourense), alá pola última década do século pasado. Emigrou case nas mesmas datas có mestre Guede e desde Seixalbo fixo a maleta e marchou a Cuba, onde pasou a maior parte da súa vida. É moi gustoso para min traelo a esta galería de Músicos galegos en Cuba, porque o coñecín persoalmente na Habana e recordo con moita nitidez aquela vez en que charlou comigo, sendo eu neno, nun descanso do concerto da Banda Municipal, na que el tocaba o saxofón.

Era un home cordial e, como case tódolos músicos ós que nos estamos a referir, afectado de forte morriña, o que non impediu que se mantivese firme no seu voluntario exilio, exercendo como intérprete nunha banda, pero levando o papel pautado das inspiracións que lle dictaban as súas saudades, porque, coma tódolos músicos emigrados, sentiu a tentación de compoñer e desa ansiedade naceron varias obras, das que se poden destacar: *O zume de tres melós* e *Máis zume*, estreadas con bastante éxito; *Follas e frores*; *La estudiantina*; *¡Quén fora rapaciña!; Viva Galicia* ou a ambiciosa zarzuela *Mariquiña* que, con todo, non tivo demasiada aceptación. Si a tiveron, pola contra, o pasodobre *La casa de Suevia* que, sen dúbida, está nos arquivos de tódalas bandas de Galicia; e a peza "*Miña rula*" (unha das máis celebres e populares), letra do poeta vasco Bernardo Bermúdez Jambrina.

Despois de moitos anos de residencia na Habana, regresou silenciosamente á súa vila natal para morrer, co recordo, nunca amargo, da súa estancia na Perla das Antillas.

**Emilio Guede Rodríguez**

Aínda que, como moitos outros, sentiu o aloumiño da morriña, estamos ante un caso claro de músico galego integrado plenamente no contexto social e artístico cubano, adaptándose eficazmente á vida que escollera e facendo a súa carreira musical na Banda de Música da Mariña Constitucional, da que chegou a ser tenente-subdirector.

Emilio Guede, irmán do xa reseñado mestre José Guede, naceu en Seixalbo (Ourense) o 12 de marzo de 1892. Pouco tempo despois emigrou a Cuba cuns saberes moi elementais, mais cunha gran disposición para dirixi-la súa vida dentro das súas aspiracións musicais e mediante unha formación intensiva que lle permitiron o ingreso na mencionada banda, onde tocaba o saxofón.

A súa inspiración non se fundaba soamente nas suxestións da saudade, senón que, como se pode comprobar nesta breve lista de obras que achegamos de seguido, escollía tamén outros camiños. Compuxo: a melodía galega *Los pastores*; o poema sinfónico *Paisajes*; os pasodobres *El beso de la Patria*, *Esther Pagés*, *El Bando*, *Laureles y Flores*; as marchas procesionais *El Buen Pastor* e *Don Bosco*; a marcha fúnebre *Último sono*; a peza *Lonxe da Guerra* sobre uns versos de Xulio Sigüenza; a composición coral a seis voces mixtas *A balada do gaiterillos*, con letra do P. José Rubinos, dedicada á Coral Saudade, ou *Plegaria para un preso*, con letra do mesmo autor.

Hai constancia da estrea solemne do fermoso pasodobre de temática galega *Laureles y Flores* nunha festa do Centro Galego da Habana, interpretado pola Banda de Música do E. M. do Exército en xaneiro de 1950. A obra está dedicada á Sociedade de Beneficencia do Centro Galego, que tiña unha Academia de Belas Artes onde Emilio Guede era profesor.

Morrería, xa retirado, anos despois de que triunfara a Revolución.

**Antonio Rodríguez Álvarez**

Non temos moita información sobre este músico galego, nado na aldea de Canabal (Sober), na provincia de Lugo, que chegou á Habana a finais dos anos trinta. Por estas datas o camiño estaba aberto, pois xa se recoñecía e valoraba a profesionalidade dos nosos músicos, polo que non lle custou traballo acceder á dirección da Orquestra Lemos e alcanzar axiña unha considerable popularidade na capital Cubana.

Estudiara no Conservatorio Nacional de Madrid, onde rematou con Premio Especial na especialidade de piano. En Ourense e mais en Lugo dirixiu algunhas bandas de música. En Cuba desenvolveu unha fructífera tarefa creadora, de acordo cos datos reflectidos no Boletín Oficial de la Sociedad Cubana de Autores de Música y Literatura. O día 16 de xuño de 1938 foi obxecto dunha homenaxe que organizou a sociedade El Valle de Lemos nos salóns da Agrupación Artística Galega.

Ademais de dirixir adoitaba compoñer, chegando a publicar máis de trinta obras para canto e piano, coa particularidade de que moitas delas (pasodobres, valses, zambras, mazurkas, xotas, cancións e muiñeiras) foron editadas nas revistas *Carteles* e *Cultura Gallega.* Nesta última figura (núm. 53-54 de xullo de 1938) un artigo, "Antonio Rodríguez Álvarez", sen sinatura, que contén un puntual percorrido polos títulos de numerosas pezas da súa autoría. En 1939 publicou un cancioneiro, *Ecos españoles*, prologado por Adolfo Víctor Calveiro.

**Francisco Rodríguez Carballés**

Tamén lugués, este músico naceu en Viveiro. Emigrou nas primeiras fornadas, polo que tivo que loitar moito para se abrir camiño nos momentos difíciles. A súa actuación pública foi menos porque se dedicou fundamentalmente á ensinanza. Se fose pianista tería exceso de traballo xa que case a totalidade das señoritas cubanas da clase acomodada tiñan a obriga de mostrar coñecementos pianísticos.

Mais Rodríguez Carballés consagrouse, basicamente, ós instrumentos de corda. Ensinaba especialmente o violín e, así mesmo, accedía a dar clases de instrumentos de púa: mandolina, bandurra, laúde e guitarra. O seu vasto coñecemento destes instrumentos levouno á dirección da Rondalla do Centro Galego, coa que tivo grandes éxitos.



*O mestre Rodríguez Carballés, director da Rondalla do Centro Galego.*

Como compositor, só se lle coñece unha única peza: un popurrí de aires galegos que deixou como sinal de identidade.

**José Fernández Vide**

Nado en Ourense, o 27 de outubro de 1893, José Fernández Vide é dos últimos músicos que foron a Cuba, onde non permaneceu moito tempo. Cómpre advertir que contrariamente a aqueles músicos emigrados a Cuba que, procedentes do mundo rural, chegaron a se formar tecnicamente na Habana —pois nos seus lugares de orixe non contaban con centros adecuados de ensinanza musical—, Fernández Vide tivo a oportunidade de se formar na Capela de Música da Catedral de Ourense, na que chegou a ocupa-lo posto de organista suplente, iniciando os seus estudios co mestre da capela daquela catedral, Julián Ortiz Peña, e proseguíndoos despois co organista Antonio Sacristán e o violinista Juan Fernández Pérez.

Durante a súa xuventude desenvolveu as súas actividades musicais na Capela Ourensá, ben como profesor particular de piano, ben como director de grupos corais (incluído o Orfeón), ou ás veces, en actos públicos, como pianista. Non hai que esquecer, en efecto, que xa ós dezasete anos dirixiu por vez primeira o laureado Orfeón Unión Ourensá e que un ano despois gañou por oposición a praza de organista da catedral de Ourense, ademais de que tamén exercería como profesor de música da Escola Normal de Maxisterio.

Trasladado a Cuba por invitación do Centro Galego da Habana, levou alá a súa competencia profesional avalada por diversos premios de considerable prestixio e fíxose cargo da dirección artística do devandito Centro ata 1932. Á fronte deste posto, logrou o primeiro premio con motivo do Certame Nacional de Cuba.

De regreso á súa cidade natal, en 1933, tivo ocasión de acceder á dirección do Orfeón Unión Ourensá, posto que mantivo case ata a súa morte, o 20 de novembro de 1981, sendo enterrado no Panteón de Directores do Orfeón Unión Ourensá, no cemiterio de San Francisco. Foi condecorado coa medalla de bronce ó mérito social penitenciario.

Como compositor, Fernández Vide é autor de: *Un día na aldea*, suite premiada, en 1918, en Compostela; *A montañesa* (1924), tamén premiada en Compostela; *Desengaño*, premiada en Pontevedra (1934); *Qué tarde tan meiga* e *Auria bella*, premiadas en Ferrol (1955); *Cantan os galos*, muiñeira premiada nos xogos florais de Compostela; de obras polifónicas (*Morriña*; *Canto de arriero*; *A i-alma triste*; *Saudade*, con letra de Noriega Varela; *Alalá do Cristal*, con gaitas; *Salve, Rosalía*; *Se chove deixa chover*; *Señor San Amaro*; *Villancico Gallego*); de composicións para canto e piano (*Nena de soedades*); de muiñeiras para orquestra (*Sobrado*; *Recordos*; *A festa das Caldas*) e de suites para orquestra (*Da terra meiga*). Así mesmo, harmonizou música popular, zarzuelas de ambiente galego (*Proba de amor*, con letra de Francisco Álvarez de Nóvoa; *Miñatos de vran*, (con letra de Enrique Zas) ou obras de índole relixiosa (*O sacrum*; *Bendita sea tu pureza*) e musicou os versos de Curros “Primeiro desengaño do noso amor primeiro” de *A Virxe de Cristal*.

**Ricardo Fortes Alvarellos**

Ricardo Fortes Alvarellos, nado na cidade de Ourense en 1876, é un dos músicos máis importantes que Galicia situou en Cuba, onde brillou con luz propia. Chegou a Cuba, ó redor do ano 1908, cunha ampla bagaxe cultural e musical, actuando xa como profesor de orquestra. De feito, antes de emigrar e asentarse definitivamente en Cuba, foi condiscípulo de Reveriano Soutullo, estudiou baixo as directrices do compositor galego Prudencio Piñeiro e perfeccionou os seus coñecementos musicais integrándose na banda do Rexemento de Murcia ou actuando con distintas bandas e orquestras por diversas partes de España e, con posterioridade, de América.

Foi amigo íntimo do mestre José Guede e ensinoulle piano a seu fillo Ricardo, quen alcanzou o título de Profesor de Instrumento, ocupación que abandonaría máis tarde para se dedicar a outras actividades. Morto Guede, Ricardo Fortes asumiu a dirección da Coral Saudade do Centro Galego, levando a cabo unha tarefa extraordinaria que foi resaltada publicamente polos críticos habaneiros, entre eles Francisco Ichazo, crítico do *Diario de la Marina*. Durante a súa dirección en Saudade realizou un intenso labor de harmonización e dispuxo a seis voces varias cancións populares (*A lúa de Cangas*; o alalá

*Os Trasanqueiros*; *O cantar de arrieiro*; etc.), arranxos polos que a mencionada coral nomeou a Fortes membro de honra. Dirixiu, tamén, a Academia de Belas Artes do Centro Galego.

Morreu na Habana, no mes de xaneiro de 1959, sendo enterrado no panteón que o Centro Galego tiña no cemiterio de Colón da Habana e deixando compostas unha notable cantidade de obras, entre elas: *A fouce esquecida*, de sabor clásico e *Camiño longo*, *O cantar do que se alexa*, ou *Noite de lúa*, todas elas inspiradas en poesías de Ramón Cabanillas; *Minuetto*, de corte dezaoitesco, inspirado nun motivo galego; un pasodobre galego, *Morriña*; *Melodía galega*[3], inspirada nun poema de Curros Enríquez; a zarzuela non estreada *O indián*, con letra de Enrique Zas; *Canción de Amanecer*, sobre texto de Ramón Fernández Mato ou, tamén coa colaboración literaria de Fernández Mato, *Cantata en memoria del maestro Guede*.

**José Requejo**

Rematamos esta relación de músicos galegos en Cuba cun nome de pouca sona, pero que debe constar entre os merecedores do recordo pola mención que del fixo Sinesio Fraga (autor ó que nos referimos con anterioridade), quen o reputou como un magnífico músico.

Estivo na Habana alá polos anos vinte, dirixindo con moito acerto o Orfeón da Agrupación Artística Galega. Durante a súa estada neste país escribiu a composición *Fuga tonal,* peza que mereceu do ilustre mestre español Rafael Pastor, a opinión seguinte, tomada da revista *Cultura Hispánica*: “A *Fuga Tonal* que tivo a atención de dedicarme —di en carta o seu autor—, representa unha esmerada e artística honra a vostede e ó mestre que guiou a súa pluma en tales estudios que representan problemas de álxebra musical”. Posteriormente, marchou á Arxentina, onde se lle perdeu o rastro.

---

[3] A letra da canción é a seguinte: Ten a serena o canto, / y-a serpe ‘o alento; / o lago ten a onda, / Dios ten o inferno / Ti tes d’abondo, / c’o que tes escondido / n’eses teus ollos.

## Canle mensual de cultura

por Xosé Neira Vilas

### Presencia gráfica

Temos diante unha revista que no seu tempo estivo entre as máis importantes da nosa diáspora. Foi a última publicación periódica, certamente significativa, dos emigrantes galegos asentados en Cuba tras moitas outras revistas e semanarios que se viñan editando na Illa, con fortuna variada, dende había sesenta anos.

*Cultura Gallega*[4] era mensual, ilustrada e bilingüe. Comezou a se publicar na Habana o 5 de abril de 1936, e deixou de saír a partir de marzo de 1940. Fundouna e dirixiuna Adolfo Víctor Calveiro, a quen secundaban Eladio Vázquez Ferro e Xosé Gómez García como subdirector e xefe de redacción respectivamente. O administrador era Xesús Iglesias Surribas.

Cando *Cultura Gallega* iniciaba o seu rumbo xa había uns oito anos que cesara a emigración masiva de galegos á Illa, debido, sobre todo, á gran crise mundial capitalista de 1929. Tamén cesara a construcción de escolas en Galicia, razón de ser de case un cento de Sociedades de Instrucción con sede na Habana. Eran anos difíciles para a dependente economía cubana. Por engadido, os emigrantes, de calquera procedencia, padecían a chamada "Lei do cincuenta por cento" (que só pretendía dividi-lo movemento obreiro, por certo moi combativo). Moitos paisanos retornaron a Galicia e outros fóronse ós tremedais costeiros ou ás terras adxacentes, onde vivían en total arredamento, abrutados, facendo carbón vexetal con arbustos de mangle e patabán, loitando con nubeiros de mosquitos e bebendo auga de chuvia. Pacían o traballo que ningúen máis se atrevía a facer.

Tal era a situación cando viu a luz *Cultura Gallega*. E tivo moi boa acollida, incluso nos medios culturais cubanos.

Abordaba, con seriedade e rigor, os máis variados temas referidos a Galicia. Adiantémo-los nomes dalgúns dos autores que aparecen nestas páxinas: Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, Manuel Lustres Rivas, Roberto Blanco Torres, Federico Hacineira, León Felipe, Gregorio Marañón, Ramón Fernández Mato, Salvador de Madariaga, Ramón Menéndez Pidal, Fernando Ortiz, Valle-Inclán... En galego salienta sobre todo a poesía, cos nomes de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Saco y Arce, Leiras Pulpeiro, Ramón Cabanillas e outros. Como se verá, hai unha sección de noticias chegadas de Galicia, e outra co título de "Contos e paus!', na que se critican conductas

[4] Co mesmo título existira na capital de Cuba outra revista, de curta vida, fundada polo frade e xornalista lugués Delfín Bóveda, en 1910.

e situacións locais que atinxen á comunidade galega. Inclúense fotografías de paisaxes, e monumentos galegos, e caricatura da man de Castelao e de Maside. Nalgunhas portadas poden verse as imaxes de Rosalía, Curros, Valle-Inclán, Concepción Arenal, Linares Rivas...

No mesmo ano da fundación da revista, Calveiro convoca os directivos das sociedades galegas e os intelectuais e a prensa en xeral para celebra-lo centenario do nacemento de Rosalía. Tódalas iniciativas, toda a mobilización aparecían como obra da revista, pero, aínda que así despersonalizadas, as tarefas que tal celebración requirían achábanse sobre os ombreiros de Calveiro.

En marzo de 1937, saíu unha edición especial na que colaboraron Ramón Menéndez Pidal, Juan J. Ramos, Rey Soto, Cabanillas, Fernández Mato, Álvarez Gallego, Ángel Lázaro, Rafael Marquina, Millares Vázquez, Sinesio Fraga, Ramón Marcote, Calveiro e outros, e como debuxantes, Martínez Buján, Guillermo Massó e Mariano de Miguel (quen ademais, pintou un retrato de Rosalía que se intercalou na revista e logo reproduciuse e como lámina á parte circulou por toda a Illa).

A revista convocou un concurso sobre a obra rosaliana. Dous premios con temas diferentes, dos que se anunciaron os resultados no acto central que se levou a cabo o 14 de marzo de 1937 (no Teatro Nacional, hoxe García Lorca), presidido por Menéndez Pidal e ó que asistiron relevantes intelectuais cubanos e personalidades oficiais, incluíndo un representante do Presidente da República de Cuba. Falaron o deputado republicano Fernández Mato e Adolfo Víctor Calveiro, e actuou a Orquestra Sinfónica da Habana, a rondalla do Centro Galego e a Banda Municipal que interpretou os Himnos de Riego, o cubano e o galego. Ademais houbo cancións e lectura de poemas.

Proclamouse a Xerardo Álvarez Gallego, galeguista exiliado, como gañador dos dous premios.

Sen dúbida, foi a mellor homenaxe que se lle fixo no mundo a Rosalía polo seu centenario. E foino gracias ó tesón do director da revista.

Tal como fixeron antes e despois outras publicacións galegas de Cuba, resáltase a traxectoria de figuras senlleiras de Galicia e poderemos ver nestas páxinas informacións sobre a vida e a obra de Valle-Inclán, Salvador Zapata, Rodríguez Carracido, Álvarez Insua, Ramón de la Sagra, Rodríguez Cadarso, Marcial Valladares, Pascual Veiga, Nóvoa Santos, Gumersindo Busto, López Ferreiro, María Pita, Isabel Barreto, Labarta Pose, Castelao...

*Cultura gallega* mantiña unha clara posición republicana; defendía o noso Estatuto de Autonomía; reproducía discursos de deputados galegos no Parlamento; criticaba, nos primeiros tempos, a conducta dos militares que se alzaron contra o goberno legal. Pediu a liberdade de Adelardo Novo, preso nun cárcere franquista, e deulle cordial benvida a Castelao, cando chegou a Cuba en 1938, "en viaje de Propaganda por la causa republicana".

Co tempo, esta posición, estas ideas fóronse debilitando. A revista tiña dificultades económicas e viñeron na súa axuda o reaccionario *Diario de la Marina* e certos persoeiros que inventaron uns "bonos de gratitud", para soste-la publicación. Dende ese momento comezou a devalar. Minguou a demanda, a impresión era máis modesta. Publicaba algunha vez versos en galego, pero o certo é que a nosa lingua vai desaparecendo das súas páxinas. Repítese moito a palabra "hispanidad", insístese no "Día da Raza" e na teima do "Colón español"; danse noticias de Cifesa. As biografías agora pertencen a Méndez Núñez, Isaac Peral, Narciso Monturiol. En maio de 1939 publica un retrato de Francisco Franco, "Jefe del nuevo Estado español".

Uns meses despois morreu de vez. E Calveiro pasou a dirixir unha revista híbrida, escrita nas coordenadas do triunfalismo imperante no "novo Estado", co titulo de *Cultura hispánica*.

**De campesiño a xornalista**

Adolfo Víctor Calveiro Couto naceu o 29 de marzo de 1902, en Dornelas (Silleda, Pontevedra) e morreu en Newark (Nova Jersey, USA) o 17 de agosto de 1977. Emigrou a Cuba en 1919, onde viviu ata 1969, agás tres anos (1931-1934) que estivo en Galicia. (Seu irmán Xosé María tamén marchou a Cuba onde se formou culturalmente. Colaboraba ás veces na prensa. Escribía unhas delicadas poesías intimistas en castelán. Morreu novo).



*Adolfo Victor Calveiro, director, impulsor e colaborador de* Cultura Gallega

Coma tantos, Adolfo era campesiño de orixe e con pouca escola. Traballou no que puido na Habana ó tempo que estudiaba polas noites e ía adquirindo unha cultura. Chegou a ser xefe de redacción da revista *Eco de Galicia*. Casou coa galega Ramona Alonso en 1928.

En 1936 fundou, como xa foi dito (coa colaboración do seu veciño emigrado Eladio Vázquez Ferro), *Cultura Gallega*. Foron catro anos de intenso labor, que Calveiro alternaba con traballos administrativos, non sempre ben pagados. Esta empresa xornalística e a loita pola subsistencia (tiña dous fillos pequenos) supoñían para el un grande esforzo. Pero non decaeu. Tivo moitas dificultades, máis nunca se deu por vencido. Foi un exemplo de tenacidade.

Despois de *Cultura Gallega* botou a andar *Cultura hispánica*, como xa dixemos, que durou uns catorce meses. Logo, nos anos da Segunda Guerra Mundial, pasou a se ocupar dunha publicación titulada *Cuba y España*, que resultou outra experiencia frustrada, tras da cal foi traballar a unha oficina bancaria ó tempo que colaboraba esporadicamente na prensa. Ata que se incorporou á Agrupación Artística Gallega. Formaba parte da directiva, traballaba como Secretario de Actas e de feito atendía toda a actividade cultural e administrativa. A sociedade patrocinou unha nova xeira de *Cultura hispánica* da que chegaron a saír 18 números.

Un día seu fillo Isauro radicouse en Madrid, e María do Carme, a filla, tras breve estancia na aldea paterna marchou ós Estados Unidos. Adolfo e a muller ficaron sós na Habana. Ata finais de 1969 en que tamén se foron. Foi breve o tránsito en Dornelas e Madrid. Querían estar á beira da filla e marcharon para Nova Jersey, onde Adolfo faleceu oito anos despois. Está enterrado no cemiterio Holy Cross de Nort Arlington.

**Herdanza bibliográfica**

Na Habana estiven moitas veces con Calveiro, dende a miña chegada alí en 1961. Faláranme del, en Bos Aires, Manuel Pedreira e Alfonso Gayoso Frías. E en México dérame o seu enderezo, como subscritor da revista *Vieiros*, Carlos Velo. Viámonos na súa casa da rúa Oquendo 959, ou na miña, así como na Artística Gallega ou na Biblioteca Nacional. Nunha ocasión visitamos xuntos o Museo de Bellas Artes.

Era un home de ben, un home honrado. Seguramente cometía erros, coma calquera, pero non comprendía certas ruindades nin lle cocía o corpo a maledicencia.

Uns días antes de deixar Cuba estivo comigo no Instituto de Literatura e Lingüística, que se achaba relativamente preto do seu fogar. Andaba triste, desacougado. Non quería deixa-lo país onde vivira medio século e no que se sentía tan entrañablemente asentado. Pero tiña morriña dos fillos, e sobre todo da filla. Era ineludible marchar.

Crearamos poucos días antes a Sección Galega. Presenteille o profesor José Antonio Portuondo, director do Instituto e a algúns investigadores. Faleille dos nosos proxectos. E alí mesmo decidiu deixarnos en herdo a súa biblioteca. Foi a primeira achega bibliográfica que recibiu a Sección. É un dos máis importantes, xunto co que farían máis tarde os fillos de Antonio do Campo. Tiña uns catro mil libros (ademais doutros materiais: recortes de prensa, biografías elaboradas por el, fotografías, cadernos e notas...) moi ben escolleitos, de variado e universal contido, se ben predominaban amplamente os referidos a temas galegos.

Calveiro era un dos tantos emigrantes chegados a América. con escasa instrucción, e un dos moitos que se tiveron que facer a si mesmos a golpe de vontade (diso falou unha noite nunha conferencia que ofreceu na Sociedade Rosalía de Castro). Amaba a Cuba como o mellor dos cubanos,

sen deixar de ser galego, pois Galicia foi para el unha lúcida referencia de por vida. Tantos anos lonxe e cando pasou por aquí en 1969 entregou na Universidade de Santiago (segundo nos contou o profesor Xesús Alonso Montero) traballos inéditos, manuscritos diversos, cartas, etc. como testemuña de fidelidade ó eido orixinario. Pouco ou nada lle debía ó seu país de nacemento e sen embargo dedicou, movido pola nostalxia, enerxías e desvelos que se traduciron nun exemplar activismo a prol da exaltación de Galicia. *Cultura Gallega*, publicada durante os difíciles anos da guerra civil e o comezo da posguerra é unha das súas realizacións. Na presente edición facsimilar verémo-los avatares da revista e o esforzo e e dedicación do seu fundador e director.

Xosé Neira Vilas

Gres, abril de 1999

## 1. Caracterización xeral da revista.

Non foi excesivamente fructífera a década 1930-1940 no desenvolvemento da hemerografía galega da emigración en Cuba. O crecemento que experimentara en décadas anteriores non continúa coa mesma intensidade e só media ducia de cabeceiras xorden como novidade. Delas, son episódicas e ben pouco significativas *Fragancias* (1931), que dirixiu Eduardo P. Marzoa; *Cénit* (1938), levada por José Álvarez Núñez e despois por José Antonio Clark, e *Rosalía* (1937), nada para celebra-lo Primeiro Centenario do nacemento da egrexia escritora galega. Máis merecentes de estima foron *Alma Gallega* (1939), dirixida por Luis Reynante Losada, e *Loita* (1939), vinculada a Xerardo Álvarez Gallego, o seu director. Pero se houbese que representa-la década nunha única cabeceira, esta sería a de *Cultura Gallega*, da que un acreditado coñecedor da prensa galega de Cuba, Xosé Neira Vilas, afirma que "é a derradeira galega importante de Cuba"[5].

Pola contra, para a prensa cubana a década dos trinta representa unha moi positiva etapa. Concretamente, a caída do presidente Gerardo Machado en 1933 supuxo un período de crecemento, pois no bienio 1933-1934 apareceron na Habana dez novos xornais e máis de vintecinco cidades ou vilas da illa contaban con algún xornal ou revista propia.

Xa os anos de loita política contra a dictadura machadista significaron un desenvolvemento da prensa política de esquerdas, certamente combatida por unha férrea censura. Derrubado o réxime, esta prensa medrou moito, aínda que case sempre acusou problemas de financiamento e non faltaron actitudes represivas protagonizadas polo sector da burguesía pro norteamericana que logo levaría ó poder a Fulguencio Batista, chegado á presidencia en 1940.

Concretamente en 1933 aparecen novos xornais na Habana como *Información* ou *Luz*. Ó ano seguinte nacen *Alerta, Avance Criollo, El Crisol* ou *Cuba Nueva*. *Noticias de hoy* (1937) foi de filiación procomunista. Fóra da capital xorden cabeceiras novas: en Santiago de Cuba, *La Opinión* (1932), *Libertad* (1935) e *Oriente* (1937); ó seu carón *Káskara* (1934), de carácter satírico; *Alma Joven* (1934), de orientación católica; *Teosofía* (1935), voceira da masonería; *Justicia* (1934). De Matanzas era *El Foro* (1934); de Sancti Spiritus, *La Prensa* (1937); en Baracoa aparecía *El Republicano* (1936); en Holguín sacaron *Adelante* (1937); de Trinidad procedía *Orientación* (1939); en Santa Clara viu a luz *El Pueblo* (1934); en Camagüey facían *Acción* (1936).

---

[5] Xosé Neira Vilas, *A prensa galega de Cuba*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1985, p. 43. Ademais, son de útil consulta, no que se refire a escritores artistas ou políticos galegos en Cuba, os tres volumes de *Memoria da emigración* do mesmo Neira Vilas (Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1994, 1995 e 1996 respectivamente).

Outras publicacións da capital foron *Zig-zag* (1938), de tipo satírico; *Juventud católica cubana* (1934), de carácter relixioso; *Mundo alegre* (1931), de orientación festiva e *Revista cubana de cardiología* (1938), de especialización médica.

Un lugar de seu ocupou a prensa cultural, ás veces de acusado carácter literario. Así, naceron coa década *Hélice; Hojas de arte nuevo*, de efémera andaina; *Atalaya*, que se facía en Remedios (Las Villas); *Grafos*, coa súa luxosa presentación; *Polémica*, na que colaborou Pablo de la Torriente Brau, amigo de García Lorca e víctima da guerra civil española; *Síntesis*, de Güines, moi localista; *Adelante*, que deu saída á cultura do mundo negro; *Mediodía*, entre literaria e política, con Nicolás Guillén nas súas páxinas; *Barapuá*, de José Antonio Portuondo, tamén política e literaria a un tempo; *El Porvenir*, obreira pero tamén literaria; *Proa*, dirixida en Pinar del Río por Fernando G. Campoamor; *Facetas de Actualidad Española*, na que colaboraban moitos cubanos; *Páginas*, de carácter especificamente cultural; *Cúspide*, sinaladamente literaria; *Universidad de la Habana*, que tratou unha moi variada temática; *América*, voceira da Asociación de Escritores e Artistas Americanos; *Revista Cubana*, prestixiada xa polo seu fundador, José Mª Chacón y Calvo.

Pero hai que falar neste terreo de cabeceiras de grandes revistas como *Espuela de Plata*, que contou con Lezama Lima como un dos seus directores, ou como a *Revista de Avance*, que tivo a Alejo Carpentier e Juan Marinello entre os seus fundadores. Así mesmo vangardista foi *Verbum*, na que tamén xogou Lezama Lima —grande animador do xornalismo literario cubano— un importante papel.

Cómpre aínda engadir a este incompleto repertorio o sector da prensa española que, nada en décadas anteriores, proseguiu a súa xeira nos anos trinta. Neste senso, foi o *Diario de la Marina* "decano de la prensa cubana", o máis difundido e emblemático. Ó seu carón, os seus coetáneos *La Unión Española, El Avisador Comercial* ou *El Consorcio*. Este e outros xornais aparecen mencionados nas páxinas de *Cultura Gallega*, frecuentadas para efectos publicitarios por xornalistas españois ou cubanos que traballan ás veces como correspondentes de varios medios de prensa galegos, españois ou cubanos.

Cronoloxicamente, *Cultura Gallega* publica o seu núm. 1 o día 5 de abril de 1936 e remata a súa xeira en marzo de 1940. Son, pois, catro anos de existencia, cunha periodicidade que foi en principio quincenal. Mantivo o seu formato de 26 x 18 cms regularmente. Habitualmente tiraba 32 páxinas, pero apareceron números dobres, ou cuádruples que chegaron case a 50 páxinas e algunha vez superaron as cen. As ilustracións, fóra dalgúns debuxos e gravados, amosan un amplo material fotográfico que se exhibe nas seccións "Sociales" e "Da terra", así como na meirande parte das cubertas, nas que se emprega a cor.

*Cultura Gallega* estivo dirixida por Adolfo Víctor Calveiro Couto e, ó seu carón, Eladio Vázquez Ferro como subdirector; ámbolos dous asinaron numerosas colaboracións (en prosa e verso, en galego e en castelán) e tiveron na revista unha influínte presencia que de certo se estendeu ós editoriais que abren os diferentes números e sinalan a liña e propósitos da publicación, O xefe de redacción foi José Gómez García e o administrador Jesús Iglesias Surribas, que imprentaba *Cultura Gallega* no obradoiro da rúa Amargura, 37, na Habana.

Literatura, Arte, Historia, Xeografía, Gráfica e Información son as materias destas páxinas segundo podemos ler baixo a cabeceira. A lingua na que se manifesta é o castelán e a presencia do galego, certamente limitada, redúcese case unicamente ó ámbito da creación literaria, en particular poemas e contos. Entre as seccións máis características figuran:

-"Noticias de Galicia"; de notable amplitude e carácter informativo. Sen asinar. Desaparecida, ó pouco de nacer, por causa da guerra civil española.

-"Vida social de la colonia". Tamén dispuxo de varias páxinas e o seu carácter foi igualmente informativo. Ramón Lemos leva esta sección.

-"Centro Gallego": informa da actualidade e actividades da entidade. Anónima.

-"Sociales": sección fotográfica (só nos primeiros números).

-Paxina musical e teatral: ó cargo de Sinesio Fraga.

-"Hijas de Galicia". Informa da sociedade que foi herdeira de "Solidaridad Pontevedresa" e se ocupou da atención á muller. Sección da responsabilidade de Manuel Arias Fernández.

-"Da terra": sección fotográfica.

-Galegos ilustres ou beneméritos: biografías e esbozos de galegos destacados nos ámbitos da cultura, a ciencia, etc. Varios colaboradores.

Destas seccións e das páxinas non fixas —de contido variable— da revista dedúcense algunhas dualidades que caracterizan a *Cultura Gallega:* lembranza do pasado (atención a efemérides, centenarios, aniversarios diversos) e rexistro do presente; mestura de información escrita e fotográfica; achegas exclusivas destas páxinas e reproducción de textos xa publicados; alternancia das colaboracións de carácter informativo con textos de creación literaria (poemas, contos), ensaios breves ou estudios de diversa temática ou biografías; raíz galega da case absoluta totalidade das páxinas, que reflicten a escisión entre a Galicia peninsular e a da emigración a Cuba, con vontade de vinculación Galicia-España. En síntese, información e cultura nun amplo senso e cunha atención equilibrada.

Boa parte destas apreciacións, que sen dúbida caracterizan pola súa continuidade á revista, figuran xa explicitadas no primeiro editorial desta, "Desde el umbral" (núm. 1, 5-IV-1936), onde se declaran as seguintes intencións:

1) Enche-lo baleiro da prensa galega en Cuba.

2) Servir de canle dun mellor coñecemento xeral de Galicia e dos galegos.

3) Combina-la universalidade da cultura coa particularidade local de Galicia.

4) Desface-lo tópico da incapacidade do emigrante galego en Cuba para as empresas culturais.

5) Adoptar unha posición obxectiva, "desprovistas de todo apasionamiento e idea de partido o secta, política o confesional".

6) Contribuír á formación cultural dos galegos.

Engadamos que os xa mencionados Adolfo Víctor Calveiro, José Iglesias Surribas e José Gómez García foron os fundadores da publicación, que co paso do tempo trasladou os seus locais de oficinas dende a súa sede inicial na rúa Amargura núm. 37 á Manzana de Gómez[6] núm. 211 e posteriormente á rúa Villegas 258, e máis tarde ós altos da rúa do Sol, núm. 319, mentres que o obradoiro pasou a Aguacate, núm. 520.

Loitou sempre esta publicación por aumenta-lo número de lectores e subscritores, pois seguramente nin sequera contando coa axuda da publicidade e a subvención do Centro Galego a situación económica deixou de ser problemática. Proclamou e defendeu o amor a Galicia como pauta e finalidade das súas páxinas. Para coñecer polo miúdo as circunstancias polas que atravesou é imprescindible a lectura dos editoriais que presiden os distintos números. Polo publicado na derradeira entrega (núm. 80-81) sabemos que os organismos rectores do Centro Gallego retiraran a subvención a *Cultura Gallega*. O texto editorial deste número deixa ver nidiamente unha sensación de fracaso nos feitos perseguidos: "... muy poca cosa hemos logrado, cuando se hizo algo; nada, en la mayoríade los casos". Malia a intención de continuidade nunha nova andaina xa no mes de abril, ampliando o radio de acción máis alá do especificamente galego, *Cultura Gallega* non volveu saír.

6 A Manzana de Gómez foi construída nos terreos que, no Parque Central, ocupara o edificio do Teatro Politeama. Leva o apelido do seu propietario, o emigrante asturiano Andrés Gómez Mena, coñecido popularmente como «Chichón». Ó carón da Manzana de Gómez ergueuse o pazo do Centro Asturiano, inaugurado o día 20-XI-1927. Os emigrantes asturianos contaron, ademais, coas espléndidas instalacións hospitalarias da Quinta Covadonga, onde morreu Curros Enríquez.

### 1.1. Os problemas económicos.

O lector que percorra as páxinas de *Cultura Gallega* atopará, de xeito reiterado e insistente, moi abondosas referencias á situación económica da publicación, que tivo que ser sempre difícil e problemática. O administrador, Jesús Iglesias Surribas, contribuíu xenerosamente cos seus cartos a superar intres de graves dificultades, pero sen dúbida a xestión económica foi mala, como se deixa ver por algunhas notas que a este respecto aparecen na revista con certa frecuencia. Engadamos que Surribas foi vicexefe de propaganda da Agrupación Artística Galega e presidiu a sociedade Hijos del Partido de Lalín.

A dependencia do Centro Galego é un feito que unha e outra vez recoñece a propia publicación, onde a poderosa sociedade tivo sempre unha sección fixa certamente valiosa como fonte informativa. Tamén axudou a sociedade Hijas de Galicia, igualmente presente cunha sección. Ámbalas dúas sociedades (e dependencias destas como o Plantel Concepción Arenal, a casa de saúde La Benéfica ou o sanatorio Concepción Arenal) tiveron publicidade fixa. Outras axudas económicas así mesmo recoñecidas, procederon da Agrupación Artística Galega, La Baña y su comarca, Unión Barcalesa, Hijas del Ayuntamiento de la Estrada, Beneficencia de Naturales de Galicia e do partido político Renovación y Defensa Social, que en 1937 presidía Ramón del Campo González, colaborador da revista.

Os problemas económicos víronse agravados en máis dunha ocasión por iniciativas emanadas da propia revista (por exemplo, os actos do Primeiro Centenario de Rosalía de Castro) que foron un éxito cultural, pero un fracaso económico. Así, o elevado custo do número do Centenario de Rosalía de Castro, de 112 páxinas, foi cuberto por Ramón Fernández Mato. Pero, ademais, a posición —que quixo ser sempre imparcial e ecléctica— da revista debeu contar con algúns detractores a xulgar polo encabezamento da nota "A nuestros lectores y amigos" (núm. 27-28, maio de 1937, p. 16) na que se di: "Hace mucho tiempo que venimos experimentando las consecuencias de un "boycot", tan eficaz como inexplicable".

Para palia-los problemas económicos *Cultura Gallega* recorreu a se antopublicitar solicitando socios, subscritores e lectores. Deu entrada a moi numerosas cartas de felicitación, informou da reproducción dos seus artigos noutras publicacións e fixo propaganda con notas e fotografías dos seus simpatizantes, correspondentes e colaboradores económicos. E aínda inseriu "opinións de calidade" sobre o seu labor.

Pero nada abondou. De feito, no núm. 33-34 (agosto de 1937), a nota "Nuevas ideas en pro de *Cultura Gallega*" informa das iniciativas de José E. Hermida e Manuel Francisco Domínguez que ían callar na creación dun Comité de Propaganda pro *Cultura Gallega* (que presidiu Secundino Baños) e na emisión de Bonos de Gratitud. As circunstancias polas que atravesaron ámbalas dúas

iniciativas foron comentadas polo miúdo na mesma revista, que no editorial do núm. 49-40 (novembro de 1937) recoñece a venda de só trinta dos cen bonos emitidos e fala da "evidente ingratitud y olvido de muchos" e daqueles que "nos dieron la espalda".

Unha nova iniciativa foi publicitada xa nos primeiros meses de 1939. A Agrupación Artística Galega propuxo unha festa benéfica pro *Cultura Gallega*, acontecemento que tivo lugar na noite do 19 de xaneiro de 1940 no teatro Martí da Habana. A revista fixo un verdadeiro despregue informativo do acontecemento (núm. 80-81, xaneiro-febreiro de 1940), pero rematou a súa xeira ó mes seguinte.

A desaparición de *Cultura Gallega* estivo directamente vinculada ós seus problemas económicos e á bipartición política do Centro Galego, onde os grupos de dereitas e esquerdas acusábana de partidismo de acordo cos seus respectivos intereses. As forzas de dereitas, que ocupaban o poder na entidade, opinaban, polo menos en parte, que a publicación que o Centro subvencionaba non daba suficiente apoio ós seus órganos de goberno, representados por Cayetano García Lago[7], Jesús María Bouza e Vicente Barro, segundo se desprende da información "La mentira no puede prevalecer" (núm. 76, outubro de 1939, p. 12).

En fin, no editorial do derradeiro número infórmase da definitiva supresión da subvención que propuxeran Secundino Baños e Ramón del Campo e que xa fora rebaixada. Cayetano García Lago, presidente do Centro, anulouna definitivamente e a revista deixou de saír. O autor do editorial, sen dúbida Adolfo Víctor Calveiro, anuncia que pasará a dirixir outra publicación, como de feito aconteceu, pois ó pouco tempo comezou a dirixir *Cultura Hispánica*. As expectativas do título do editorial, "*Cultura Gallega* ampliará su radio de acción a partir del número de abril próximo" non se cumpriron.

### 1.2. O Centro Galego.

Boa parte da hemerografía da emigración galega en Cuba estivo estreitamente vinculada, por moitas e moi distintas razóns, ó Centro Galego. Algunhas publicacións foron practicamente voceiras daquela institución, fundada a finais de 1879 e xa cunha delongada traxectoria á altura de 1936, cando aparece *Cultura Gallega*. Naquel ano o Centro vivía unha situación de escisión e confrontación que era o resultado, tenso e polémico, do enfrontamento que no mes de xullo tería lugar en España ó comeza-la guerra civil.

[7] Satirizado en varios debuxos que Castelao publicou no xornal habaneiro *Hoy* en decembro de 1938.

Como xa anotamos noutro lugar deste estudio introductorio, o Centro ecoa nas páxinas de *Cultura Gallega* de dúas formas: sincronicamente, na sección fixa que lle está dedicada; diacronicamente, nos artigos de Jesús Peynó, que foi o seu cronista oficial. Pódese dicir sen esaxeración que *Cultura Gallega* é de necesaria lectura para coñecer polo miúdo a xeira do Centro no cuadrienio 1936-1940.

En abril de 1936 era José A. Barnet y Vinageras o Presidente da República de Cuba, cargo que xa en maio pasou a ostentar Miguel Mariano Gómez. No Centro Galego[8], o día 28 de febreiro cesaba Jesús Pérez Cabo, o Presidente da Comisión Executiva —coa que non se entendía ben— e o día 18 de marzo ocupaba o seu posto Antonio Rodríguez Vázquez. Na nova executiva figuraban Cayetano García Lago como tesoureiro e Secundino Baños Villar como presidente da Sección de Inmobles. O cronista de *Cultura Gallega* que rexisra os feitos advirte que o Centro está "azotado por las más enconadas pasiones". Pouco despois, principios de xullo, Cayetano García Lago, que ata entón era o tesoureiro, pasa a ocupa-la presidencia do Centro e coa súa chegada entran novas persoas na Comisión Executiva. Quede constancia da longa etapa de García Lago como presidente, prolongada aínda despois da desaparición de *Cultura Gallega*.

O editorial do núm. 9-10 da revista, correspondente ó mes de agosto, leva unha significativa cabeceira: "¿Derechas, izquierdas?". No mesmo número, Eladio Vázquez Ferro informa[9] dun "incidente" político acontecido o 24 de xullo no Centro no que se viu afectada a Asemblea de Apoderados: un grupo de asociados tentou "apoderarse" do Centro aproveitando a ausencia dos Apoderados. En agosto, a crise estaba superada.



*García Lago, presidente do Centro Galego na etapa de* Cultura Gallega

O día 3 de xaneiro de 1937 houbo eleccións no Centro. Preto de catro mil socios votaron as candidaturas de novos Apoderados presentadas polos dous partidos que concorrían: Renovación y Defensa Social e Afirmación Gallega. No que constituíu un "acto de civismo" sen "ningún incidente lamentable", triunfou o segundo dos partidos, de filiación dereitista do que era presidente Secundino Baños, daquela presidente de honra do Centro Galego. O pri-

8 *Cultura Gallega*, núm. 1, 5-V-1936; p. 20-21.

9 Véxase a p. 3.

meiro estaba presidido por Ramón del Campo (Juan Varela Grande era presidente de honra) e non fixo oposición ó partido gañador, pois era tamén de dereitas.

As cousas desenvolvéronse sen incidentes de ningunha clase e *Cultura Gallega* informou sobre actos culturais e docentes e sobre a situación económica e sanitaria do Centro, así como de homenaxes e outras celebracións. Pero a comezos de 1938 un artigo de Álvaro Vascós (núm. 43-46, de xaneiro-febreiro de 1938; pp. 34-36) reflicte a grave situación económica e as deficiencias que presentaban os seus Estatutos. Sen embargo, a Asemblea de Apoderados aproba, o 21-II-1938, unha moción para dar apoio económico a *Cultura Gallega*. Doutra banda, prodúcese unha situación de crise no Plantel Concepción Arenal por unha folga de alumnos. Os socios do Centro, particularmente os simpatizantes de Afirmación Gallega, non debían estar descontentos da marcha das cousas, pois *Cultura Gallega* anunciaba que a finais do ano os señores García Lago (presidente do Centro), Secundino Baños (presidente de honra) e Jesús María Bouza Bello (presidente da Asemblea de Apoderados) serían obxecto dunha grande homenaxe, que tivo lugar o día 4 de decembro.

O día 11 de decembro está constituída a Comisión Electoral do Centro, que preside o acto de presentación de candidaturas para a elección de novos Apoderados. Concorren tres partidos coas súas correspondentes listas de candidatos: Afirmación Gallega, Renovación y Defensa Social e Hermandad Gallega, presidida por Gerardo A. Gallego. O editorial de *Cultura Gallega* (núm. 65-66, decembro de 1938) non deixa de reparar no "lenguaje desusado y violento utilizado por alguno de los bandos" e advirte da conveniencia de que a guerra española "no repercutiera en el seno de las Sociedades no políticas" como era o caso do Centro Galego. O día 1 de xaneiro de 1939 tivo lugar a xornada electoral (da que *Cultura Gallega*, núm. 67, xaneiro de 1939, forneceu cumprida información), na que votaron máis de nove mil dos case catorce mil socios. O 12 de febreiro quedou constituída a nova Asemblea de Apoderados e no mes de abril estaban constituídas tódalas seccións do Centro, que de acordo cos resultados das pasadas eleccións estiveron gobernadas por xente dos partidos Afirmación Gallega e mais Renovación y Defensa Social, que en abril estaban fusionados nun partido único: Afirmación y Defensa, presidido por Cayetano García Lago. O novo partido do Centro Galego corroborou a súa consolidación nun xantar celebrado en La Tropical o día 4 de setembro de 1939.

En diante, e tendo en conta as informacións rexistradas en *Cultura Gallega,* no Centro só houbo algúns episódicos xestos protagonizados por grupos pequenos de esquerdas. Non debía o grupo de goberno da institución estar moi de acordo coa actitude da dirección de *Cultura Gallega*, que nunca se comprometeu a fondo con ningún dos grupos políticos da institución (o mesmo Xerardo Álvarez Gallego, o seu colaborador habitual, non pasou sen ningunha crítica). O apoliticismo custoulle un alto prezo á revista, que rematou por perde-lo apoio dos que foran os seus protectores (os dous partidos de dereitas) e, como xa comentamos, deixou de percibi-la subvención ofi-

cial. Cómpre matizar, polo que ten de atípico na liña da revista, que no seu último ano as colaboracións do subdirector, Eladio Vázquez Ferro, deixan ver con claridade a súa simpatía polas dereitas e, consecuentemente, as súas críticas ó sector que levantaba o puño ó saudar, pedía a presencia da bandeira da República, carecía de conviccións relixiosas e andaba de cote a berrar e protestar.

O único partido de esquerdas, Hermandad Gallega (que presidía Xerardo Álvarez Gallego), aínda que obtivo resultados positivos[10] nas eleccións de comezos do ano 1939 ás que aludimos, non conseguiu entrar no órganos de goberno do Centro Galego. Naturalmente, este foi o partido que organizou a homenaxe a Castelao[11] no "stadium" da cervexería "La Polar" (6-XII-1938). Na crónica do acto (*Cultura Gallega*, núm. 65-66, de decembro de 1938, pp. 38-39) figuran as críticas a Álvarez Gallego ás que faciamos referencia. O apoio do ilustre visitante á campaña electoral de Hermandad Gallega foi só unha das súas moitas actividades na illa, onde participou en máis de vinte mitins, fixo numerosas viaxes, pronunciou conferencias, expuxo os seus debuxos e publicou moitos deles atacando os grupos de dereitas do Centro Galego[12] nas páxinas do xornal *Hoy*, do que era redactor o carballinés Francisco Marcos Raña.

Todo o que neste apartado viñemos rexistrando ó fío das páxinas mesmas de *Cultura Gallega* está sintetizado con acerto por Núñez Seixas, que non deixa de reparar no feito de que, na confrontación de republicanos e franquistas producida en *Cultura Gallega* como consecuencia da guerra en España, no Centro de Cuba foi evidente o triunfo e predominio dos segundos, mentres que nos de Bos Aires e Montevideo sucedeu o contrario.

> "En Cuba, no seo do Centro Gallego de A Habana as loitas entre as agrupacións eleitorais traslocirán craramente a custión española. Formáronse decontado dous bandos, franquistas e republicáns, representados respectivamente en Afirmación Gallega e Hermandad Gallega. Cada unha delas desenvolveu un labor de propaganda en prol do bando contendente co que simpatizaban, recolleitando menciñas, diñeiro, etc. C. García Lago dirixía o partido franquista e F. Almoina o republicán. Se os primeiros van domeando a notábel publicación habaneira *Cultura Gallega*, de denanterior tendencia galeguista, os republicáns controlarán xa rematada

10 Sacou 24 apoderados, que non foron suficientes fronte os 50 que sumaban as dereitas de Afirmación Gallega e Defrensa y Renovación Social. Só en 1959 chegou Hermandad Gallega a goberna-lo Centro Galego.

11 Vx. Xosé Neira Vilas, "Castelao, debuxante na Habana", en *Memoria da emigración, op. cit. III*, pp. 281-290.

12 O feito de que a homenaxe a Castelao non tivese lugar no Centro Galego explícase polo radical enfrontamento político de Castelao cos partidos de dereitas que gobernaban a institución e particularmente co presidente Cayetano García Lago, aludido nos debuxos que Castelao publicou nas páxinas de *Hoy* durante a campaña electoral do devandito Centro en decembro de 1938.

a guerra o voceiro *Loita*, imprimíndose durante a contenda no órgano *Nosotros*. *Por la libertad del pueblo español*. Outros partidos presentes no Centro Galego eran Renovación y Defensa Social, de dereitas, e Unión Progresista Gallega, de esquerdas. Afirmación Gallega e Hermandad Gallega sucereránse no poder do Centro nas eleicións celebradas no 1937 e 1939. A Hermandad pasará a estas dirixida polo galeguista esilado X. Álvarez Gallego"[13].

### 1.3. A sociedade Hijas de Galicia.

Escribe Núñez Seixas[14] que, desde o último tercio do s. XIX, a comunidade galega de Cuba tendeu "a configurar e artellar o seu propio entramado societario de asociacións de axuda mutua", subliñando a importancia destas sociedades na protección ó emigrante no seu proceso de adaptación ó país de acollida, na procura de traballo e na atención ás necesidades económicas e asistenciais. Entidade pioneira a este respecto foi —en Cuba— a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia (1871), aínda que a máis poderosa e importante sería o Centro Galego (1878).



*Manuel arias, responsable da sección "Hijas de Galicia"*

Unha das sociedades que medrou a carón do Centro Galego foi Hijas de Galicia, herdeira de Solidaridad Pontevedresa, que coñeceu un período de forte expansión entre 1926 e 1936, pero que xa en 1912 daba os seus primeiros pasos. Certamente, a crónica informativa dos traballos e iniciativas de Hijas de Galicia, na sección que levou case sempre Manuel Arias Fernández, é unha constante tan caracterizada das páxinas de *Cultura Gallega* como pode selo a do Centro Galego.

Tivo Hijas de Galicia no ámbito da atención médico-sanitaria a súa xustificación. E tivo sensibilidade para dedica-los seus esforzos exclusivamente á muller e ó neno. Sen dúbida o sanatorio Concepción Arenal constituíu a súa obra máis digna e meritoria e precisamente coa apertura deste centro de saúde materno-infantil comeza a xeira das páxinas de Hijas de Galicia en *Cultura Gallega*. O lector poderá segui-los pasos desta benemérita sociedade e constata-la súa modernidade e eficacia certamente exemplares.

---

13 Núñez Seixas, Xosé M., *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1992, p. 297.

14 Núñez Seixas, Xosé M., "Inmigación e galeguismo en Cuba (1879-1939)", en *Grial*, núm. 115; xullo-setembro de 1992, p. 353.

### 1.4. A atención á música.

O amplo tratamento que na revista tiveron os temas culturais deixou numerosas páxinas destinadas a informar das actuacións e da actividade creadora de músicos e compositores galegos en Cuba. O resultado foi que *Cultura Gallega* é unha publicación de imprescindible consulta á hora de facer calquera estudio da historia da nosa música. E iso xustifica, sen dúbida, o traballo que para esta edición facsimilar fixo don Isidoro Guede Fernández, fillo do inesquecible mestre José Guede Rodríguez e sobriño de Emilio Guede Rodríguez, meritorio músico tamén.



*O mestre Sinerio Fraga, crítico de música e treatro, compositor e director de diversas orquestras.*

Polas páxinas de *Cultura Gallega* temos numerosos artigos, notas e crónicas sobre os músicos galegos dos que fala Isidoro Guede. Xa a cuberta do núm. 1 da revista está dedicada ó mestre José Castro Suárez "Chané", do que outro músico —agora en funcións de crítico—, Sinesio Fraga Vila, traza unha fermosa lembranza no seu artigo "O maestriño". E no núm. 2 figura o discurso pronunciado por Emilio Castro Chané[15] sobre seu pai co gallo da xuntanza de homenaxe convocada pola Agrupación Artística Galega o día 4 de xaneiro de 1936.

O mencionado Sinesio Fraga escribiu na revista varios artigos sobre a música e os músicos galegos. Así, en "De re musical" (núm. 5) lembra a Emilio Guede e a Rodríguez Carballés. Doutra banda, na sección dedicada ó Centro Galego, son numerosas as informacións de actuacións de orquestras, grupos, coros e outras formacións músico-vocais galegas. No núm. 7-8 comeza a colaborar outro mestre da música galega, Ricardo Fortes Alvarellos, cun artigo sobre Pascual Veiga e a súa "Alborada". Con posterioridade, Sinesio Fraga escribe sobre José Baldomir, Ricardo Fortes, a Agrupación Artística Galega e o Orfeón Español Ecos de Galicia.

As páxinas de *Cultura Gallega* fixéronse eco, en máis dunha ocasión, do *Tratado elemental de la música* de Sinesio Fraga. Reflectiron (núm. 23-26) o programa musical da festa do Centenario de Rosalía[16], coa actuación da Rondalla do Centro Galego dirixida por Francisco Rodríguez Carballés e da Orquestra Sinfónica da Habana, da dirección do cubano Gonzalo Roig.

---

[15] Hai numerosos artigos sobre Chané nas publicacións galegas da emigración en Cuba. Pódese citar como exemplo a serie "Cartas a Chané", de J. Fernández Merino, publicada en *Suevia* e integrada por cinco artigos publicados entre o 29-IX-1912 (núm. 32 da revista) e o 20-X-1912 (núm. 35).

Daquela o tenor José Naya interpretou a peza "Anduriña do mar", letra de Manuel Gondell Linares e música de José Guede.

Temos tamén reproduccións de partituras de pezas de lírica culta ou popular. Citemos "Miña nai", harmonizada polo mestre G. Freire (no núm. 37-38); "Alborada Gallega", con letra de Arturo Liendo e música de Carlos Fernández Vilá (núm. 73) ou "Hermoso cielo cubano", letra e música do mestre Antonio Rodríguez Álvarez (núm. 53-54), autor de composicións como "Recuerdos gallegos", "Galicia meiga", "Viva Lemos" ou "Anacos d'a nosa terra". E tamén contamos (núm. 77-79) co bosquexo lírico "Canción de amanecer", letra de Ramón Fernández Mato e música de Ricardo Fortes, coa reprodución da letra e das notas escenográficas para a interpretación e representación da peza.

Especial interese posúe o núm. 67 (xaneiro de 1939), dedicado en boa medida ó mestre José Guede Rodríguez, finado o día 15 de xaneiro de 1939 na Habana. Ademais dunha moi completa nota necrolóxica temos artigos de Juan Bonich, Ramón Fernández Mato, Ricardo Fortes Alvarellos e Adolfo Víctor Calveiro, xunto cun texto autógrafo do mesmo José Guede e unha carta dirixida ó "amigo Calveiro".

Entre 1938 e 1940 a revista forneceu numerosas informacións sobre a Agrupación Artística Galega, o Grupo Artístico Saudade —do que foi director artístico o mestre José Guede, sucedido á súa morte por Ricardo Fortes con Manuel Suárez como subdirector— e sobre o mestre Ricardo Fortes (vx. especialmente o núm. 65-66, de decembro de 1938). Consignemos tamén o emocionado artigo de Sinesio Fraga (núm. 68-69) no que lembra o xa daquela desaparecido mestre Guede. O aludido Manuel Suárez fora pianista do Conservatorio Nacional de Madrid e durante os seus anos na Habana dirixiu en máis dunha ocasión a Orquestra Sinfónica da cidade.

No núm. 73 (xullo de 1939) hai unha precisa relación da configuración dos integrantes da Coral Saudade, un grupo vocal composto de cincuenta voces (delas, naquel entón, só dúas galegas) no que Emilio Guede era contralto e o fillo do mestre Ricardo Fortes actuaba como segundo tenor. O barítono Vicente Fernández Vide pertencía á comisión para a admisión de novas voces. En fin, outros datos sobre a mencionada coral (actuacións, repertorio, lista dos seus integrantes, etc.) e a Agrupación Artística Galega, coas súas diferentes seccións, témolos en *Cultura Gallega* nos números 59-60 (setembro de 1938); 61-64 (outubro-novembro de 1938); 68-69 (febreiro-marzo de 1939); 71 (maio de 1939); 74-75 (agosto-setembro de 1939); 76 (outubro de 1939) ou 77-79 (xaneiro de 1940).

---

[16] A relación de Rosalía con Cuba foi estudiada, nos seus diferentes aspectos, por Xosé Neira Vilas, *Rosalía de Castro e Cuba*, A Coruña: edición do Patronato Rosalía de Castro, 1992.

Lembremos, pola nosa conta, que nas actuacións da Coral Saudade figuraban como pezas do seu repertorio:

-"N'a festa d'as Caldas", de A. Ulloa, arranxada para voces mixtas"

-"Cantar do arrieiro", arranxos para voces de Luis María Fernández.

-"Unha noite na eira do trigo", letra de Curros Enríquez.

-"Meus amores", letra de Salvador Golpe e música de Chané.

-"Ond'está", de S. Muguerza.

-"Canción de amanecer", letra de Ramón Fernández Mato e música de Ricardo Fortes.

-"Os de Trasancos" (alalá), arranxos para voces de Ricardo Fortes.

-"Un adiós a Mariquiña", letra de Curros Enríquez e música de Chané.

-"Veira do mar", de Reveriano Soutullo.

-"Anduriñas do mar", letra de Manuel Gondell Linares e música de José Guede.

-"Cousas do diaño", letra de Agustín Rodríguez e música de José Guede.

-"O quer que lle quer", de M. Fartos.

-"Canto de los pastores de la sierra de Cameros", de A. Llanos, con arranxos para voces de José Guede.

-"Negra sombra", letra de Rosalía de Castro, música de Xoán Montes e arranxos para voces de Ricardo Fortes.

-"Himno galego", letra de Eduardo Pondal, música de Pascual Veiga e arranxo para voces de José Guede.



*O mestre ricardo Fortes, director da Coral Saudade.*

Pero sen dúbida a entidade artística máis importante da emigración galega na Habana foi a *Agrupación Artística Galega,* fundada en 1918, que, segundo Núñez Seixas, "viña promovendo dende comezos dos anos vinte a cultura galega na illa, especialmente o teatro en galego"[17]. Pero con anterioridade houbo outras institucións e organismos culturais expresivos do espírito organizativo asociacionista dos galegos. Concretamente, e polo que se refire á música, temos que citar o *Orfeón*

*Ecos de Galicia*, fundado en 1872 por Higinio Vidales, e ó seu carón os coros *Aires da miña terra* e Grorias de Galicia.

Completando a información fornecida no artigo de Isidoro Guede, cómpre facer referencia a algunhas das composicións de máis sona do mestre **Ricardo Fortes Alvarellos**. Entre elas, "A fouce esquecida", "Camiño longo", "O cantar do que se alexa" e "Noite de lúa", todas con letra de Ramón Cabanillas. Outras dignas de mención son "Morriña", "Minueto", de inspiración dezaoitesca, "Melodía galega", con letra de Curros Enríquez ou "A lúa de Cangas", letra de M. González.

Outro mestre da nosa música foi **Prudencio Piñeiro**[18], autor, entre outras, de pezas como: "O moucho" (alborada), "Un repoludo gaiteiro" (melodía), "¡Cómo chove miudiño!", "Sia vernos, Marica...", "¿Qué ten o mozo?" e "A Primavera".

E aínda habería que cita-los músicos cubanos que tiveron intensa relación cos galegos. Citémo-lo mestre **Tomás**, que dirixiu a Banda Municipal de Música da Habana; **Gonzalo Roig**[19] director da Orquestra Sinfónica da Habana (formación que máis dunha vez dirixiu o mestre José Guede) ou o pianista **Manuel Suárez González.**

### 1.5. Noticia biobibliográfica dalgúns colaboradores.

A nómina de colaboradores e autores representados ou colaboradores pasivos de distinta clase (encargados de seccións fixas, sinaturas habituais, colaboradores esporádicos) que vemos nas páxinas de *Cultura Gallega* presenta, a carón de significativas e ben coñecidas figuras, outros nomes que quedaron escurecidos ó non alcanzar un posto de relevo no ámbito no que se desenvolveron. De acordo con este presuposto, excluímos calquera referencia, neste apartado do noso traballo, a escritores como Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Eduardo Blanco Amor, Ramón del Valle-Inclán, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez, Jacinto Benavente, Gregorio Marañón, e algúns outros.

Limitámo-las nosas referencias, necesariamente incompletas, ós colaboradores menos coñecidos ou máis esquecidos actualmente, aínda que non deixan de ter interese e entidade, polo menos nalgúns casos. Téñase en conta que no ámbito da nosa prensa emigrante un bo número de colaboradores eran simples afeccionados a escribir, xente que non tiña nada que ver nin co xornalismo nin

---

17 Núñez Seixas, Xosé M., *O galeguismo en América (1879-1936), op. cit.*, 112.

18 Outros músicos citados en *Cultura Gallega* son Adolfo Bugallo Curros, Luis María Fernández e Rodrigo Prats.

19 Con Gonzalo Roig colaborou en ocasións o lugués Agustín Rodríguez (chegado á Habana en 1901), autor de numerosísimas pezas teatrais e aínda da letra da canción "Quiéreme mucho", á que puxo música o citado mestre Gonzalo Roig (*vx*. Neira Vilas, Xosé: "Agustín Rodríguez, creador de *Quiéreme mucho*", en *Memoria da emigración, I*, pp. 279-285).

coa creación literaria; en fin, sinaturas cheas de entusiasmo pero carentes de formación, presencias puramente ocasionais. Ó carecer de obra escrita de mínima significación, carecemos de datos sobre eles.

En síntese, pois, ofrecémo-las seguintes notas biobibliográficas:

**Xerardo Álvarez Gallego**. Forma parte do pequeno grupo de colaboradores máis caracterizados de *Cultura Gallega*. Fillo de Xerardo Álvarez Limeses, naceu en Ourense en 1899. Avogado pola Universidade de Santiago, desenvolveu en Vigo o labor xornalístico e xurídico, colaborando nos prestixiosos diarios *Galicia* e *El Pueblo Gallego*. Tamén escribiu para publicacións madrileñas como *El Sol*, *El Imparcial* ou *La libertad*.

Chegou a Cuba como exiliado a comezos da guerra civil. Na Habana, colaborou en revistas como a célebre *Carteles*, *Bohemia* (na que estivo presente Roberto Blanco Torres) ou *Loita* (da que foi director). No Centro Galego pertenceu á Sección de Cultura e, desde a súa militancia galeguista de esquerdas presidiu o partido Hermandad Gallega, que homenaxeou a Castelao[20] en 1938 ó seu paso pola illa. Secretario da Presidencia de Cuba, deixou o país coa chegada ó poder de Fulgencio Batista. Retornado a Galicia, tivo que marchar de novo ó exilio, agora a Miami, onde finou en 1986.

En *Cultura Gallega* deixou entrevistas, estudios literarios (sobre Rosalía), artigos e poemas. Ademais, escribiu o libro *Los Pazos* (1963), unha biografía de Luis Taboada e, en galego, *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1973), biografía do que foi o seu cuñado, víctima da guerra civil. Outras publicacións nas que deixou a súa sinatura foron *Casa de Galicia. Unidad Gallega* (Nova York), *Correo de Galicia* (Bos Aires), *Galicia* (Bos Aires), *Galicia emigrante* (Bos Aires), *Raza celta* (Montevideo), *El País* (Pontevedra), *La Provincia* (Pontevedra), *El Pueblo Gallego* (Vigo) e *La Raza* (Pontevedra).

**Concepción Arenal** (1820-1893). O "Plantel Concepción Arenal" foi un organismo docente do Centro Galego da Habana que lembrou así a figura ilustre da escritora e penalista de Ferrol. Artigos de Concepción Arenal, ou ben textos sobre a súa vida e obra, están esparexidos por revistas e xornais galegos de Cuba como *Galicia, Galicia Moderna, Suevia, El Eco de Galicia, Aires d'a Miña Terra, Pro-Galicia, Rosalía* ou *Cultura Gallega*.

**Manuel Arias Fernández** foi o encargado da sección "Hijas de Galicia". Era administrativo e no mes de maio de 1939 pasou a traballar nas oficinas do sanatorio Concepción Arenal, do que

---

[20] A crónica da estancia de Castelao en Cuba (do 11 de novembro de 1938 ó 25 de febreiro de 1939) está contada por Neira Vilas en *Castelao en Cuba*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1983.

era propietaria a mencionada entidade. Deixou entón a súa sección na revista e o seu posto foi ocupado por José Vázquez, que asina a súa primeira colaboración no núm. 74-75 (VIII-IX de 1939).

O doutor **Fernando Caíñas** nacera na Habana, onde fixera estudios especializados de Historia Natural. En 1937 publicou o libro *Plantas medicinales de Cuba*, escrito en colaboración co doutor La Guardia. Foi farmacéutico e desenvolveu un amplo labor no terreo do xornalismo cultural e científico. Da súa autoría foi tamén a *Guía geográfica, zoológica, botánica y mineralógica de Cuba.*

**Adolfo Víctor Calveiro Couto** colaborou en *Alma Gallega, Cultura Gallega e Chic*[21]. Foi xefe de redacción de *Eco de Galicia.* Membro da sección de Cultura do Centro Galego, foi tamén xefe de propaganda da xunta directiva do Agrupación Artística Galega. Ó deixa-la dirección de *Cultura Gallega*, no mesmo ano 1940, comezou o seu labor —tamén como director— na revista *Cultura Hispánica*.

**José María Calveiro Couto**, irmán de Adolfo, viviu na súa xuventude, en Madrid, unha existencia bohemia e naqueles anos fixo amizade con Emilio Carrere, colaborando con Baltasar Pagés na revista *España Nueva*. Na Habana, onde residiu ente 1906 e 1932, exerceu diversos oficios como os de xastre e reloxeiro. Publicou, en 1925, o poemario *Jardines de ensueño* (comentado nas páxinas de *Cultura Gallega*). Colaborou en *Labor Gallega,* onde publicou algúns poemas, e tamén en *Alma Gallega*, *Diario de la Marina* e *Eco de Galicia*. Foi correspondente do *Diario Español* na vila de Caimito (Cuba) e redactor de *Juvencia*, así como de director de *Atenea*. En 1932 retornou á súa aldea natal, Dornelas, en Silleda (Pontevedra), aínda que xa en 1934 residía en Madrid, pero dende aquel ano non se volve saber máis del.



*Xosé María Calveiro, do que temos numerosos poemas en* Cultura Gallega.

[21]Subtitulada «La revista de lujo», apareceu na Habana, fundada por Lorenzo de Castro. A súa primeira xeira foi de 1917 a 1927; a segunda, dende 1933 ata 1959, aínda que non consta con precisión a data na que desaparece. Especializada na crónica do acontecer social da alta burguesía da illa, o seu primeiro redactor-xefe foi Guillermo R. Martínez e Lorenzo de Castro pasou —nos anos vinte— a se-lo director literario. Publicou colaboracións de arte e literatura, de historia e teatro. Presumiu de apoliticismo e manifestou que nas súas páxinas só tiñan cabida a «literatura frívola y reseñas teatrales y cinematográficas».
Co paso do tempo informou máis da realidade cubana e particularmente da literatura. Entre os seus colaboradores figuraron prestixiosos nomes como os de José María Chacón y Calvo, Max Henríquez Ureña, Alberto Lamar, Agustín Acosta, Mariano Brull e outros. Pero xa na súa primeira etapa contou coas achegas de Alejo Carpentier, Hernández Catá, Juan Marinello, Enrique Labrador Ruiz, Rubén Martínez Villena, Enrique Serpa, Jorge Mañach, Luis Rodríguez Embil, etc.

**Antonio do Campo**. Naceu en Ourense nen 1892 e morreu na Habana en 1969. Chegou a Cuba en 1919. Na illa foi colaborador de *Cultura Gallega*, e tamén director de *Vida Gallega*, órgano da Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia, e tamén de *La vida gallega en Cuba*. Del escribiu Neira Vilas que fora "Bibliófilo e animador de actividades culturais galegas en Cuba"[22]. Efectivamente este ourensán, bibliófilo entusiasta, chegou a ter máis dun cento de libros sobre Prisciliano e da súa importante biblioteca (na que tiña aínda algúns incunables) fixo doazón ó Insituto de Literatura y Lingüística da Habana. Foi secretario da Sociedade Beneficencia de Naturales de Galicia, tamén secretario da Asociación Iniciadora da Academia Galega e durante varios anos traballou como profesor de francés do Plantel Concepción Arenal do Centro Galego. En 1949 publicou o libro *Exposición cultural gallega*, con índices temáticos das revistas galegas máis importantes do s. XX.

**Ramón del Campo González** colaborou en *Cultura Gallega* con cartas, poemas e algún artigo. En 1937 presidía o partido Renovación y Defensa Social, que foi derrotado nas eleccións que daquela houbo no Centro Galego.

**Jenaro Cruzado Cabado** era correspondente de *Cultura Gallega* na Coruña.

Da chegada á Habana de **Ramón Fernández Mato** hai constancia nas páxinas de *Cultura Gallega* (núm. 16, de 20-XI-1936, páxina 25), onde lemos: "Procedente de Marsella, y a bordo del "Istria", acaba de llegar a esta Capital el notable escritor gallego D. Ramón Fernández Mato, quien fue durante varios años Director del importante diario vigués *El Pueblo Gallego*. Es, además, autor de importantes obras literarias, entre las que merecen destacarse, por la belleza de la forma y del asunto, *Muros de oro*, especialmente interesante para quienes conocemos el pan amargo de la emigración".

Pois ben, Ramón Fernández Mato naceu en Crespón, Boiro (A Coruña) en 1889. Fíxose médico en Santiago de Compostela, colaborou en *La Gaceta de Galicia* e fundou, xunto con Castelao, a revista *Galicia Moza*. Colaborou tamén nos xornais *El liberal, La Estampa, Nuevo Mundo, A Aurora do Lima* (Viana do Castelo), *Gaceta de Galicia* (Santiago), *Galicia Moza* (Santiago), *Mi tierra* (Ourense), *El Regionalista* (Chantada), *Ronsel* (Lugo), *Suevia* (Santiago), *Vida* (A Coruña), *Vida Gallega* (Vigo), *La Zarpa* (Ourense) e nas páxinas *de Blanco y Negro.* En 1914 chegou a Bos Aires e tamén alí os seus artigos apareceron en *La Nación, Caras y Caretas* e *Correo de Galicia*, presentando a súa peza teatral *Galleguita*, escrita en colaboración con José Ramón Lence. *La retirada* e mais *El altar* son comedias da súa autoría. Retornado a España en 1924, ocu-

22 Neira Vilas, Xosé, *A prensa galega de Cuba*, *op. cit.,* p. 86.

pou a dirección de *El Pueblo Gallego*. Nos anos trinta desempeñou distintos cargos como gobernador civil, comisario de ferrocarrís, asesor do Ministerio de Gobernación, etc.

En Cuba, escribiu para o *Diario de la Marina* e tamén apareceron as súas colaboracións en *Carteles, Vida Gallega, Cultura Gallega, Eco de Galicia, La Vida Gallega en Cuba, Prensa Libre* e *Raíz-España en América*, do que foi director. Na Habana publicou a recompilación de artigos *Con los ojos del recuerdo* (1941).

Como dramaturgo, estreou tamén os seus dramas *Heroica cobardía, Estirpe* ou *La montaña*. A súa obra poética figura no volume *Títeres del corazón* (1931) e como narrador publicou a novela *La tragedia del delantero centro* (1929). En Bouzas (Vigo) fundou a primeira biblioteca mariñeira do mundo. En 1965 retornou a España definitivamente.

Varios dos seus artigos publicados en *Cultura Gallega* nos últimos tempos da revista enviounos desde Nova York. Fernández Mato tivo particular protagonismo no número 23-26 (marzo-abril de 1037), de carácter extraordinario e dedicado ó Primeiro Centenario do nacemento de Rosalía de Castro, pois nel reproducíronse os dous traballos de tema rosaliano que presentou ó certame literario promovido por *Cultura Gallega* e que foron merecentes do primeiro e segundo premios. Ademais a revista reproduciu o seu drama *Estirpe*, escrito en colaboración con Alfredo Gómez Jaime, e mailo poema "Canción de amanecer", ó que puxo música o mestre Ricardo Fortes Alvarellos.

**Sinesio Fraga Vila**, nado en Ortigueira, foi compositor e exerceu tamén a crítica musical, colaborando con artigos sobre música e teatro nas páxinas de *Cultura Gallega, Galicia, Eco de Galicia, Terra Gallega* e *Nós*, ("órgao da Xuntanza Nazonalista Galega d'Habana" da que Sinesio Fraga era membro) publicación, esta última, da que foi director. Estudiou o "Himno Galego" de Pascual Veiga dende a perspectiva musical, así como outras composicións que xurdiron no ámbito galego da emigración. Publicou tamén un método de solfexo e teoría musical.

No terreo da música galega, nas páxinas de *Cultura Gallega* están presentes (con colaboracións ou textos de homenaxe) Pascual Veiga, José Castro González "Chané" —lembrado xa no artigo "O maestriño", de Sinesio Fraga—, Ricardo Fortes e o mesmo Sinesio Fraga, do que a revista, no seu núm. 1, anuncia a publicación (abril de 1936) dunha *Teoría elemental de la música,* citando ademais como obras inéditas dúas pezas de teatro "Marcelo" e "A Musa", xunto con "Pensamientos", que recolle meditacións persoais do autor. No núm. 2 (20-IV-1936) aparece o discurso de homenaxe a Chané pronunciado polo seu fillo Emilio Castro Chané.

Figuran tamén en *Cultura Gallega varias* referencias a formacións musicais ou músico-corais, así como a músicos cubanos e outros galegos que, no Centro Galego ou nas súas sociedades integrantes, dirixiron formacións corais e orquestrais.

**José García Mosquera**, nado en Maceda (Ourense) en 1817, estudiou no Seminario ourensán, Salamanca e Santiago. Foi catedrático de Humanidades, Retórica e Poética no Instituto de Ourense e foi experto en linguas clásicas. En galego escribiu varias composicións, pero a de máis significado é "A vida do campo" (reproducida en *Cultura Gallega*, núm.3-4, p. 8), que é versión do "Beatus ille" de Horacio e a primeira traducción ó galego do gran clásico latino.

**Fuco G. Gómez** é sen dúbida unha singular e atípica figura do ámbito cultural da emigración galega en Cuba. Nado en Ouselle (Becerreá) en 1895, emigrou a Cuba en 1913. Fixo os seus únicos estudios no Plantel de Concepción Arenal do Centro Galego da Habana, onde foi cofundador da Irmandade Nazonalista Galega. En 1940 era presidente da Institución Patria Galega (Círculo Benéfico Cívico-Social), da que era vicepresidente Juan Puga Campos. Xosé Neira Vilas[23], que o coñeceu e tratou na illa, di que era un nacionalista radical e que mantiña relación epistolar con galeguistas da Arxentina e Uruguai. Interesado polos máis diferentes eidos do saber, tiña a teima dos estudios gramaticais e sentía verdadeira paixón pola lingua galega.

Foi en efecto este singular lugués un nacionalista extremado e declarado arredista que fundou na Habana un fantasmagórico e misterioso Comité Revoluzonario Arredista Galego de carácter secreto, que apareceu arredor de 1921, onde proclama o odio a España, e de seguido a independencia de Galicia e a formación dun goberno galego no exilio cubano a xeito de célula revolucionaria secreta. Protagonizou xa que logo a súa particular "cruzada arredista" e cóntase —refire Núñez Seixas[24]— que exhibía polas rúas unha peculiar bandeira galega imitada da arredista catalana. Continuou coa súa cruzada mantendo conspiracións secretas (arredor de 1923) co Club Separatista Català e co Partido Nacionalista Canario. Xunto con Xesús Varela publicaron en *Galicia* as súas posicións despois do golpe de estado de Primo de Rivera en España. O seu temperamento exaltado levouno a unha querela contra Fernández Doallo, propietario de *Eco de Galicia* e *Heraldo Gallego*, pero ademais, rematou por ataca-los membros do consello da Irmandade Nazonalista Galega d'a Habana pola súa excesiva moderación. Despois de 1927 en Cuba só quedará, en canto ó galeguismo se refire, o labor de Fuco G. Gómez que vai intervir activamente como apoderado nas asembleas do Centro Galego.

No terreo da prensa galega de Cuba témo-las súas colaboracións en *Galicia, Ideal Gallego, Cultura Gallega, Heraldo de Galicia* ou *Eco de Galicia*. Pero, demais, foi director de *Patria Galega*, "Voceiro da Galiza Lídima", de filiación declaradamente nacionalista e, como viceconselleiro da Irmandade Nazonalista Galega d'Habana colaborou moi intensamente no xornal *Nós*, voceiro desta,

---

23 *A lingua galega en Cuba*, Vigo: Consello da Cultura Galega, 1995, pp. 113-116.

24 Núñez Seixas, Xosé M., "Inmigración e galeguismo en Cuba (1879-1939)" *art. cit.,* pp. 378-385.

e mais en *Loita*. Os seus artigos apareceron tamén en *Pueblos Libres*, revista de Santiago de Cuba patrocinada polos arredistas cataláns.

Entre as súas obras, sempre curiosas e polémicas, anotamos *Grafía galega* (1926), *Naciones Ibéricas* e *O idioma dos animás. Opúscaro de enxebreza* (1937). Neira Vilas[25] rexistra a autoría de "trinta e seis libros e folletos sobre temas diversos" e cita, entre os publicados, *Leiziós de galego* e *O preito da lingua. Entre os inéditos, "Xeitos de falar", "Lingüística Celtibérica", "Novísimo Dizionario Galego-Hespañol", "Fonética Galaica", "Constitución soziocrática da Galiza"*, etc.

En *Cultura Gallega* (onde aparecen diversos comentarios de *O idioma dos animás*) colabora con artigos de tema folclórico, outros sobre fonética e grafías do galego ou refráns e locucións e aínda noutros divaga sobre o esperanto.

**Soutolongo** é un dos dous pseudónimos que aparecen en *Cultura Gallega* ó longo do ano 1936. Correspóndelle ó mestre **Manuel González Rodríguez**, galego natural de Soutolongo, a carón de Lalín, que colaborou con certa asiduidade na prensa galega de Cuba. O segundo, "**Pantófilo**" pode moi ben pertencer a **Adolfo Víctor Calveiro**, pois a inicial do seu nome aparece nalgunha ocasión ó pé dos artigos que "Pantófilo" publica.

**Isidoro Guede Fernández** naceu na Habana en 1909. Retornou a Galicia en 1920 e dende entón vive en Ourense. Como poeta en galego —temos del algunha mostra lírica en *Cultura Gallega*— obtivo en 1932 o premio creado polo *Heraldo de Galicia* da Habana co poema "Meu camiño". No mesmo ano ingresa como redactor-xefe no xornal *La Región,* do que foi director adxunto da edición para o estranxeiro e no que aínda hoxe continúa como colaborador asinando a sección "Panorama". Colaborou tamén en *Vida Gallega* da Habana, *Fin de semana* (Ourense, 1962-63) e en *La Noche* de Santiago de Compostela na etapa na que estaba José Goñi como director. Foi director de *Hoja del lunes* de Ourense (1950-1985). Empregou con frecuencia o pseudónimo de Carlos Almenares, co que colabora no *Boletín de Información Municipal del Ayuntamiento de Orense* (1956-1962) e mais en *La Región* (1910).

Poeta e xornalista, Isidoro Guede é un entusiasta da música, tema de moitos dos seus artigos en *La Región* e colaboracións para a Axencia Colpisa. Cofundador da Sociedade Filharmónica de Ourense, anima a vida musical da cidade e colabora nas actividades de "Música en Compostela". Das súas obras rexistramos *Memorias con Orense al fondo* (1987), *La Música en Orense* (1992) e *El musiquero* (no prelo).

---

[25] Neira Vilas, Xosé, "A paixón de Fuco Gómez", en *A lingua galega en Cuba*. *op. cit*.; pp. 113-114.

**Salvador Gumbau Navarro** foi xornalista, redactor da páxina española do diario *Avance* e correspondente na Habana do *Faro de Vigo, La Zarpa* e *La Voz de Galicia*. Era na capital da illa un dos cronistas das sociedades españolas en Cuba. Outros xornalistas que desempeñaban a mesma función eran Cándido Posada (*Diario de la Marina*), Miguel Roldán (*El País*) e Pablo R. Presno (*El Mundo*).

**José Eugenio Hermida** era contador mercantil de profesión e foi nomeado membro da xunta directiva da Sociedade Beneficencia de Naturales de Galicia. Foi o que promoveu a idea dos Bonos de Gratitud para soster economicamente *Cultura Gallega*.

**Ángel Jorge Echeverri**. No núm. 5 (5-VI-1936) de *Cultura Gallega*, nunha breve nota referida ós novos colaboradores da revista, lemos: "Comenzaremos por el joven y reputado catedrático de Anatomía Topográfica de la Universidad de Santiago de Compostela, doctor Ángel Jorge Etcheverry". A revista, interesada no ámbito da cultura en xeral, non especializado, homenaxeou a figuras da medicina galega como Roberto Nóvoa Santos ou Alejandro Rodríguez Cadarso e xa en 1935 colaboran nas súas páxinas os doutores Gregorio Marañón e Echeverri.

Ángel Jorge Echeverri (Santiago de Compostela, 1904-1984) foi durante moitos anos catedrático de Anatomía da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago, da que ocupou o posto de rector na década dos anos sesenta. Foi autor de numerosos traballos científicos da súa especialidade que apareceron en publicacións galegas, españolas e europeas.

**Ángel Lázaro Machado**, poeta, dramaturgo e xornalista presente en *Cultura Gallega*, naceu en Ourense en 1900. Ós catorce anos emigrou a Cuba e alí ben cedo colaborou nas páxinas de *El Comercio* da Habana, e tamén nas de *Eco de Galicia* e mais *Loita* (1939). O éxito do seu primeiro libro de versos, *El remanso gris* (1921) abriulle as portas doutras publicacións como *Diario Español, Diario de la Marina* ou *Social*. Retornado a España en 1923, colaborou en *La Esfera, Blanco y Negro, La Zarpa, Nova Galiza* (Barcelona) e *Nuevo Mundo*.

En 1936 chegou de novo a Cuba, onde foi redactor de *Pueblo* e colaborador de *Carteles*. Foi tamén crítico teatral de *Excelsior* de México. Na capital cubana publicou *Romances de Cuba y otros poemas* (1937), *Sangre de España* (1941), *Retratos familiares* (1945) e *Epistolario y otros poemas* (1952). Reuniu os seus versos galegos en *Lonxe* (1955). A súa ampla obra teatral foi estudiada polo miúdo por Dámaso Chicharro en *El teatro de Ángel Lázaro* (1977).

**Ramón Lemos Álvarez**, responsable da sección "Vida social de la colonia", foi secretario xeral da Unión Orensana e membro da directiva social da entidade "El Valle de Lemos".

**Gonzalo Francisco López Abente** naceu en Santa María de Muxía (A Coruña) o 24 de marzo de 1878, e morreu neste mesmo lugar o 23 de xullo de 1963.

E estudiou a carreira de dereito en Santiago. Na súa vila natal dirixiu unha banca privada, ata que esta foi vendida. Participou na constitución das Irmandade da Fala e nas Asembleas Nacionalistas. En 1925 entrou a formar parte do Seminario de Estudos Galegos. Colaborou en diversos medios xornalísticos, como *Cultura Gallega*, *Vida Gallega* (Vigo), *O Tío Marcos d'a Portela, Terra Gallega* (Santiago), *A Terra* (Arxentina), Suevia (Bos Aires), *Rexurdimento* (Betanzos), *Revista Gallega* (A Coruña), *Revista del Centro Gallego* (Montevideo), *Quatro Ventos* (Braga), *El Pueblo* (Pontevedra), *Ronsel*, *A Nosa Terra, Nós*, etc.

En canto ó seu labor literario, comezou a cultiva-la poesía. Deste xeito publicou en Madrid *Escumas da ribeira* e *Alento da raza,* obras cun ton modernista; *Do outono* (1924) e *Nemancos* (1929), con poemas inspirados na súa terra. Despois de rematada a Guerra Civil, publica *Centileos nas ondas* (Galaxia, 1958), no que o tema central é o mar e a terra de Nemancos. Postumamente foron editados *Decrúa* (Bos Aires, 1966) e *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca* (1971), quince poemas dedicados á virxe de Muxía.

Tamén cultivou a narrativa, con obras como *O diputado por Beiramar* (1919), na que se mestura a sátira da vida política das vilas caciquís cunha historia sentimentalista; *O escándalo, noveliña curta* (*A Nosa terra*, 1920), obra satírica, social e romántica; *O novo xuez* (1922), na que se escarnece a un xuíz que pretende aproveitarse dunha moza; *Baserana* (1925), *Fuxidos* (1926) e *Vaosilveiro* (1929).

Como dramaturgo, López Abente só publicou unha peza titulada *María Rosa*, estreada en 1921 polo Conservatorio Nacional, publicada en 1928.

**Federico Maciñeira y Pardo de Lama** naceu en Mañón en 1870 e finou en Ortigueira en 1943. Desta vila foi alcalde e deputado e nela fundou e dirixiu as publicacións *El Ortegano, El Cabo Ortegal* e *Boletín Oficial del Ayuntamiento*. Estudioso e investigador notable en folclore, etnografía, prehistoria e arqueoloxía, tivo unha importante intervención no Congreso Internacional de Barcelona de 1929 co seu estudio "Relaciones ente Galicia e Inglaterra en las épocas prehistóricas". O seu libro fundamental é *Bares: puerto hispánico de la primitiva navegación occidental* (1947), de publicación póstuma e prologado por Fermín Bouza Brey.

Membro da Academia Galega dende os seus comezos en Cuba, foi cronista de Ortigueira (da súa autoría son as *Crónicas de Ortigueira* de 1892) e moitos dos seus ensaios e artigos apareceron no *Boletín da Real Academia da Historia* ou en *La Ilustración Española y Americana.*

**Ramón Marcote** ocupou o posto de bibliotecario do Centro Galego e así mesmo foi delegado da Comisión Protectora da Biblioteca Museo "América" de Santiago de Compostela, creada polo emigrante compostelán Gumersindo Busto. Ideoloxicamente evolución cara a posturas nacionalistas.

Na revista *Galicia*, en 1920, escribiu unha serie de artigos titulada "Colón pontevedrés". É autor tamén dun interesante *Compendio de Historia de Galicia* (1924) publicado na Habana, onde así mesmo apareceu *Contra España, no* (1928). Colaborou nas páxinas da revista *Curros Enríquez.*

**Rafael Marquina** foi un xornalista español que colaborou en publicacións como o xornal *Avance* e a revista cubana *Carteles*. Nos anos vinte facía crítica de arte en *Heraldo* de Madrid.

**Juan Martínez Buján** naceu en Santiago de Compostela en 1898 e alí, na Escola de Artes, estudiou escultura, pintura de debuxo cos mesrtes Ramón Núñez e Tito Vázquez. En 1915 expuxo o seu primeiro cadro e dous anos despois participaba —xunto con Juan Luis, Bujados, Castelao ou Carlos Sobrino— na exposición da Coruña. En anos posteriores, participou en certames celebrados en Bos Aires (1919), Santiago de Compostela (1923) ou Madrid (1928). Salienta no seu labor a constante presencia de figuras e motivos galegos.



*Martínez Buján, retratista e ilustrador de* Cultura Gallega.

En 1937 marchou a Cuba, onde fixo así mesmo varias exposicións. Pouco interesado pola paisaxe, foi Martínez Buján, sobre todo, un retratista e neste senso cómpre cita-los seus retratos de figuras galegas como Castelao, Alexandre Bóveda ou Concepción Arenal entre outros.

**Jesús Muruais** naceu en Pontevedra en 1854 e morreu en 1903. Estudiou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago e foi catedrático nos institutos de Cáceres, Ourense e Pontevedra. Mantivo unha polémica con Clarín que alcanzou repercusión na prensa e frecuentou, en Madrid, a sociedade Galicia Literaria. Na súa casa de Pontevedra tiña unha moi importante biblioteca onde ademais se celebraba un faladoiro que tivo moita sona e ó que chegou a asistir Valle-Inclán.

Colaborou en *El Heraldo Gallego,* de Ourense; *O tío Marcos d'a Portela, Galicia Moderna, La Ilustración Gallega y Asturiana, Revista Contemporánea, Heraldo de Madrid, La Tertulia,* de Ourense; *El Porvenir*, de Pontevedra; *El Lérez*, Pontevedra, etc.

Das súas obras cómpre citar *Cuentos soporíferos* (1874) e *Semblanzas galicianas* (1876), que contén poemas satíricos en castelán. Salientemos tamén o opúsculo *Poetas obreras. Robert Burns* (1890).

De **Baltasar Pagés**, xornalista, sabemos que foi director —xunto con Hilario Alonso— da revista *España Nueva*, que foi suspendida polo réxime dictatorial do presidente Gerardo Machado. Ocupaba un alto cargo no Círculo Español Socialista da Habana. Na súa xuventude, en Madrid, mantivo fonda amizade con José María Calveiro, do que comenta, nas páxinas de *Cultura Gallega*, o poemario *Jardines de ensueño* (1925).

De **Dámaso Pérez Valenzuela** o único dato que temos é a súa colaboración en *Cultura Gallega* cun ensaio sobre Rosalía de Castro e, tamén, a súa presencia nas páxinas de *A Terriña* (1908) e mais *Cénit* (1938).

**Daniel Pernas Nieto** naceu en Quende-Abadín (Lugo) en 1884. Cursou estudios no Seminario de Mondoñedo no que se ordenou sacerdote exercendo nesta bisbarra. No ámbito literario, e no da lírica galega en particular, o seu único libro foi *Fala d'as musas* (1936), publicado cando xa estoupara a guerra civil. Os seus poemas están espallados por publicacións como *Villibria* (Mondoñedo), *La Voz de Ortigueira, Vida Gallega* (Vigo), *Las Riberas del Eo* (Ribadeo), *Ilustración Gallega* (Vigo), *El Compostelano, La Comarca* (Ribadeo), *Aurora* (Vilalba) e *As San Lucas* (Mondoñedo).

Finou en Mondoñedo en 1946.

**Leopoldo Jesús Peynó Piñeiro** foi sinatura frecuente en moi numerosas publicacións galegas de Cuba. Nado en Lugo en 1869, chegou a Cuba en 1906. Colaborou nas páxinas de *Curros Enríquez, Follas Novas, Cultura Gallega, La Noche, Suevia, Diario Español* e do célebre *Diario de la Marina*. Foi ademais o primeiro director de *Vivero en Cuba* (entre 1917 e 1932) e, a carón de Ricardo Carballal Lafourcade, dirixiu así mesmo *Suevia*, que comezou a súa andaina en 1916 e tivo curta existencia[26]. En 1913 figura tamén na dirección de *La Región Gallega*, esta vez xunto con Enrique Zas. Así mesmo dirixiu *La Raza* (1913). En 1938 era presidente da Asociación para la Defensa de los Derechos Ciudadanos.

A carón do seu amigo Sinesio Fraga, crítico e compositor musical, militou nas ringleiras do galeguismo. Foi un destacado integrante do grupo de escritores e artistas galegos denominado "La Cacharrería", que a comezos da década de 1910 se xuntaban no café que existía nos baixos do Centro Galego, establecemento do que era propietario Laureano Álvarez, alcumado "Castelar". Entre os integrantes daquel faladoiro, ocupados sempre de problemas galegos, estaban Secundino T. Solloso, Ramón Cabanillas, Vicente Martínez Quelle, Roberto Blanco Torres, Alfonso Camín,

[26] Con anterioridade ocupou o posto de redactor-xefe de *Suevia* (1910), fundada por Ricardo Carballal Lafourcade e Severino Solloso.

Manuel Vázquez Gutiérrez, José Guede, Ricardo Fortes e Jesús Casifranco, mecenas, este último, de moitos escritores e artistas galegos na Habana e colaborador de *Suevia* (1912).

Membro da Academia Galega, o seu discurso pronunciado na Asociación Iniciadora e Protectora da citada institucións, o día 15-IV-1926, foi publicado no Boletín desta (núm. 188, de 1-XI-1926, páxinas 201-208). Nos seus artigos utilizou con frecuencia varios pseudónimos, entre eles Farruco de Lugo, P. y N., Fray Cauterio, Fray Modesto, J. Oniep, Lucas e algún outro. Mantivo amizade con Curros Enríquez e con Xosé Fontenla Leal e animou desde primeira hora a Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega na Habana. Traballou como xefe de propaganda e tamén como cronista oficial do Centro Galego.

A meirande parte das súas achegas en *Cultura Gallega* están dedicada á historia do Centro Galego. Resultan, así, un complemento das páxinas da sección "Centro Gallego", que informan dos acontecementos de actualidade na citada institución.

Cómpre subliñar, ademais, a polémica que en *Cultura Gallega* mantivo con Fuco G. Gómez motivada polas peculiares grafías que este defendía e empregaba. Na polémica terciou tamén Adolfo Víctor Calveiro.

**Próspero Pichardo y Arredondo** naceu en Santa Clara (Cuba) en 1874. Xa na súa mocidade cultivou o xornalismo e a literatura. Na Habana, colaborou na revista *El Hogar* e no xornal *El Mundo*, onde facía a crónica social. Foi tamén redactor de publicacións como *Diario de la Familia, El Fígaro* e *Discusión*. Ingresou no corpo consular e desempeñou cargos diplomáticos en Holanda, Francia, Xamaica e Xapón. En Vigo foi cónsul ente 1912 e 1915. Cesou como diplomático en 1935.

Das súas obras anotamos *Párrafos y estrofas* (1904) e *Arte y vida* (1907). Empregou o pseudónimo Florimel. Morreu na Habana.

**Cándido Posada** pertence ó grupo de xornalistas que, coas súas cartas, contribúen á tarefa de autopropaganda desenvolvida por *Cultura Gallega* nas súas páxinas. De orixe asturiana, era redactor da páxina española do popular *Diario de la Marina* da Habana.

**Modesto Prieto Camiña** é presentado nas páxinas de *Cultura Gallega* (núm. 9-10, p 32) como "distinguido poeta y periodista, aplaudido autor teatral y catedrático de dibujo del Instituto de Vigo". Foi ademais colaborador de *Vida Gallega* (da Habana), *Vida Gallega* (Vigo), *La Voz del Agro* (Chantada) e *Las Riberas del Eo* (Ribadeo); ademais e autor da zarzuela *La princesa del castillo*, estreada en Vigo en 1925.

*Cultura Gallega* foi unha das poucas revistas galegas de Cuba nas que colaborou a poeta **Carmen Prieto Rouco**[27], que deixou nas súas páxinas varios poemas en galego. Nada en Vilalba en 1901, foi cualificada de poeta romántica e situada no ronsel do lirismo de Rosalía de Castro.

Poemarios da súa autoría son *Horas de frebe* (1926), *A virxe viuda. Hestoria dun amor* (1964) e, coincidindo co ano do seu pasamento, *O derradeiro* (1977), prologado por Xosé Trapero Pardo. De carácter bilingüe é *Lluvia menuda* (1956), con pezas en galego e castelán. Interesada no ámbito do teatro, escribiu o monólogo *Na boda do afillado*, representado en varias ocasións; o libreto da zarzuela *Traidores celos;* o sainete *O secreto da bruxa* e maila traxedia *O embargo*.

En *O derradeiro* aparece a serie de poemas "Maldita a guerra!" que aparecen por vez primeira en *Cultura Gallega* (núm. 9-10, agosto de 1936, páxina 16). Colaborou en xornais como o *Boletín Oficial do Centro Galego de Avellaneda* (Arxentina)*, El Compostelano, Correo de Galicia* (Bos Aires), *Eco de Galicia* (A Habana), *El Eco del Condado* (Salvaterra de Miño), *El Emigrado* (A Estrada), *Faro Villalbés, Ideal Gallego* (A Habana), *Lugo* (Bos Aires), *La Voz de Ortigueira, Nueva Cedeira, La Voz del Agro* (Chantada), *Las Riberas del Eo* e *Vida Gallega* (Vigo).

**Antonio Rey Soto.** Sacerdote, poeta, profesor e traductor, estudiou Filosofía e Teoloxía no Seminario de Ourense e ampliou estudios nas universidades de Santiago e Madrid. Compañeiro de Basilio Álvarez, viviu en Cuba e Guatemala e neste país ocupou a cátedra de Literatura Hispánica na Universidade Nacional. Retornado a España, viviu en Madrid e Ourense e pasou os seus últimos anos no mosteiro pontevedrés de Poio.

A súa obra lírica en castelán é amplísima. En galego, os seus poemas foron recollidos no volume póstumo *Poemas en galego* (1974). Traduciu a poesía satírica de Horacio baixo o título *Escola de larpeiros* (1949). Pero o seu labor está espallado por unha morea de revistas e xornais galegos como *Alba* (Vigo), *O Tío Marcos d'a Portela, La Voz Pública* (Ourense, 1915-1918), *La Voz de la Verdad* (Lugo, 1910-1937), *Vida Gallega* (Vigo, 1909-1955), *El Regionalista* (Chantada, 1920-1924), *La Raza* (Pontevedra, 1917-1920), *Mondariz* (Madrid, 1915-1921), *Mi tierra* (Ourense, 1911), *Marín* (1913-1915), *Acción* (Pontevedra, 1928-1930), *Alfar* (A Coruña, 1923-1927), *Aurora* (Vilalba, 1918-1919), *Gráfica* (A Coruña, 1922), *Heraldo de Galicia* (Ourense, 1930-1936), *La Integridad* (Tui, 1888-1925), *El Eco de Orense* (1880-1909), *El Eco de Santiago* (1896-1938) e *Finisterre* (A Coruña, 1943-1946); ou da emigración a América como *La Alborada* (A Habana, 1912), *Suevia* (A Habana, 1912), *Cultura Gallega, Galicia* (Montevideo, 1929-1931), *A Terra* (Córdoba, Arxentina, 1920-1924), *Irmandade* (Caracas, 1960-1976), *Boletín de la unión hispánica pro Valle Miñor* (Bos Aires), 1905-1935), *Boletín Oficial do Centro Galego de Avellaneda* (1903-1930) e *Acción Gallega* (Bos Aires, 1919-1925).

**Rafael Romano Gracia** foi colaborador de *Cultura Gallega*, onde publicou informacións referidas a Ourense. Foi tamén correspondente da revista en Bos Aires. Viviu varios anos en Cuba,

---

[27] Estudiada por Carmen Blanco en *Literatura galega da muller*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991, p. 328-330.

onde desenvolveu a súa actividade como xornalista e ocupou o posto de funcionario do Departamento de Inmigración de España. En Madrid, nos anos trinta, dirixiu as revistas *Galicia Universal* e *Democracia*, Foi Secretario Xeral da Confederación Universal de Sociedades Galegas na capital de España.

**Xosé Rubinos Ramos**, naceu na Coruña en 1898. Poeta de filiación decimonónica, desenvolveu o seu labor na emigración, en diversos países de Hispanoamérica. Membro da Compañía de Xesús, foi doutor en Teoloxía pola Universidade de Quito, pero fixo tamén estudios de Filosofía e Ciencias en Bogotá e de Letras na Universidade da Habana. Na capital da illa fundou a Academia Gertrudis Gómez de Avellaneda e deu pulo ás actividades da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, da que foi nomeado académico de honra. Estivo vinculado ás actividades docentes do Centro Galego, particularmente ás promovidas polo Plantel Concepción Arenal e foi así mesmo profesor do Colexio Belén. O seu poema "A orixe da gaita galega" mereceu o premio dos Xogos Florais da Beneficencia Galega da Habana. Colaborou en *Cultura Gallega, Vida Gallega, La Vida Gallega en Cuba* e *Diario de la Marina*. Outros xornais nos que aparece a súa sinatura son *El Compostelano, Spes* (Pontevedra), *Galicia* (Montevideo) e *Galicia* (Bos Aires).

No terreo da épica salientan os seus poemarios *Covadonga* (1959) e *A xesta do como América nasceu da melodía* (1953). Ensaiou o versolibrismo en *Cantigas de novo xeito vello* (1959) e *Cantigas da piedade* (1961). *O velliño (Edipo na Galiza)* (1951) posúe resonancias gregas e célticas. *Dial poético da viaxe dun galego pol-os Estados Unidos* (1958) contén versións dos poemas en castelán e inglés. Finou en Miami en 1963.

A súa colaboración máis importante en *Cultura Gallega* é o longo poema "A Epopeia da Sega" (número 77-79, xaneiro de 1940; pp. 33-38).

**Roberto Santos** foi profesor do Plantel Concepción Arenal do Centro Galego e colaborou como xornalista en varias publicacións galegas da emigración.

De **Luis Taibo** naceu en Santiago de Compostela nos anos oitenta do pasdo século (foi irmán do poeta Victoriano Taibo). Estudiou medicina e xa de rapaz sentiuse atraído pola música; neste senso, dirixiu rondallas e traballou como folclorista. Mozo aínda, emigrou a México, onde exerceu como médico, desenvolvendo ó mesmo tempo un amplo labor como compositor. Compuxo pezas para orfeón, música de cámara, piano e outros instrumentos, varias delas inspiradas en poemas de Rosalía, Alfredo Brañas, Victoriano Taibo e Aurelio Ribalta. Dos títulos das pezas máis coñecidas anotamos "Como chove miudiño", "Voume", "Adiós ríos, adiós fontes", "A trola", "Noites de vrau", "Campanas de Bastabales", "Galaica", "Cantan os galos", etc.

**Eladio Vázquez Ferro.** Subdirector e colaborador de *Cultura Gallega*. Foi colaborador da revista *Chic*. Ocupou os cargos de secretario e vice-interventor da Asemblea de Apoderados do

Centro Galego, entidade da que foi tamén presidente da sección de Bellas Artes, na que o seu irmán Pedro era vocal. Foi director da revista *Lar* (1941), onde ás veces asinou co pseudónimo Evefé, e colaborou así mesmo en *La Vida Gallega en Cuba* (1951). A publicación era voceira do partido Unión y Defensa do Centro Galego, de tendencia dereitista. Con anterioridade Vázquez Ferro fora secretario do partido Afirmación Gallega, no ano 1937, cando Secundino Baños Villar ocupaba a presidencia do Centro Galego.


*Vázquez ferro, subdirector e colaborador de* Cultura Gallega.

**Pedro Vázquez Rábade**, poeta do que temos moi frecuentes referencias en *Cultura Gallega*, onde publicou varios dos seus poemas galegos. Naceu en Saavedra, Begonte (Lugo) en 1908. Fixo os seus primeiros estudios en Lugo e despois en Madrid, na Escuela de Bellas Artes de San Fernando, onde estudiou contrapunto, harmonía, piano e violín co mestre Conrado del Campo. Foi profesor de violín e solfexo na sociedade Anaquiños d'a Terra da capital de España.

Pouco antes de estoupa-la guerra civil marchou a Cuba xunto co seu irmán Raimundo. Publicou na Habana o seu poemario *Invisibres com'o vento* (1937) composto por corenta e sete poemas en galego e dezaseis en castelán. Con posterioridade publicou un novo poemario, *Así va la vida* (1940).

O seu irmán, **Raimundo Vázquez Rábade,** foi recitador de éxito en Madrid, onde actuou nos teatros Chueca, María Guerrero e Calderón sen que no seu repertorio faltasen numerosas pezas de lírica galega, particularmente de Rosalía de Castro. Alumno de violín, canto, declamación e harmonía do Real Conservatorio de Madrid, actuou tamén na Coruña, Vigo, Santiago, Ourense e Lugo. Na Habana obtivo novos triunfos cos seus recitais no Centro Galego.

**Mercedes Vieito de López** nace na Habana, no ano 1887, e morreu na mesma cidade o 4 de xaneiro de 1960, ós 72 anos de idade. Filla de emigrantes da aldea das Somozas, de Ferrol, foi socia fundadora da Sociedade "La Aurora de Somozas" (que agrupaba os emigrados daquela vila coruñesa), e exerceu os cargos de Presidentea e Socia de Honra desta. Comeza a escribir artigos no ano 1902 na revista *Galicia*, asinados co seudónimo de Zoraida. Rapidamente pasa a utiliza-lo seu nome, Bouza é o seu segundo apelido. Exerce como profesora de Instrucción no Centro Asturiano a partir de 1906. Fai a súa primeira viaxe a Galicia no ano 1924. As súas colaboracións aparecen de

forma case ininterrompida nas revistas *Eco de Galicia* (xornal que dirixiu durante un breve espacio de tempo), *Cultura Gallega*, *Galicia*, colaborando ademias na prensa cubana.

Galega de segunda xeración, ideoloxicamente pasou da defensa do rexionalismo a asumir posicionamentos nacionalistas. Formouse intelectualmente no grupo de intelectuais integrados na Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega (Curros Enríquez, Fontenla Leal, Alfredo Nan de Allariz, Antón Villar Ponte, Roberto Blanco Torres, Ramón Cabanillas, Ramón Marcote, etc.). Vinculouse dende primeira hora ó movemento das Irmandades da Fala.

**2. Descrición da xeira de 1936.**

A división cronolóxica por anos é para nós (e coidamos que tamén para o lector) unha cómoda fórmula que nos permitirá dar conta máis precisa da traxectoria de *Cultura Gallega*, constatando a súa peculiar configuración, os cambios experimentados, as circunstancias que cruzou, o movemento de colaboradores e aínda as colaboracións de maior interese.

Ó longo de 1936 aparecen 18 números, uns simples e outros dobres, con periodicidade quincenal ou mensual. A publicación, a través das seccións xa citadas, adquire peculiaridade de seu como revista galega e cultural nun amplo senso, informativa e formativa a un tempo, vehículo de intercomunicación dos galegos de Galicia e de Cuba e rica en material de ilustración, sobre todo fotográfico.

Pero non se pode facer unha caracterización de *Cultura Gallega*, por breve que sexa, sen aludir ó feito de que é a publicación da emigración galega en Cuba que con máis precisión coincide coa cronoloxía da guerra civil, feito dente longo patente como elemento perturbador das súas páxinas malia intención dos responsables da dirección de se manter nunha posición xa non ecuánime ou ecléctica, senón afastada dos acontecementos; equilibrio ou obxectividade non plenamente conseguidos, como se pode advertir ó correr dos anos polos que a publicación transitou.

Foi seguramente a presión do ecoar dos tráxicos acontecementos no ámbito galego de Cuba o que moveu á dirección, no núm. 33-34 (agosto de 1937) a engadir unha nota na columna dos créditos na que se afirma que *Cultura Gallega* “es apolítica y no confesional”. Afirmación que está na liña do manifesto no editorial do núm. 1 (5-IV-1936), onde os representantes da dirección se manifestan “desprovistos de todo apasionamiento e idea de partido o sector” política ou relixiosa.

Mais a intención de se limitar ó mundo da cultura, ó ámbito do intelecto, á exaltación apaixonada de Galicia non conseguiu esquecer ou pasar por riba duns feitos que, inevitablemente, se reflectiron na escisión en bandos antagónicos no mesmo Centro Galego. O enfrontamento tivo como protagonistas á Unión Progresista Galega, de esquerdas, que se manifestou nas páxinas de *La Voz Gallega* (1937) que dirixía Eduardo P. Marzoa, e *Alma Gallega* (1939), de Luis Reynante Losada; a

Hermandad Gallega (republicana), da que foi voceira *Loita* (1939), dirixida por Xerardo Álvarez Gallego, e Unión y Defensa (pro-franquista) que tivo a súa voceira en *Lar* (1940).

*Cultura Gallega* tentou o equilibrio, quixo atender a uns e outros, segui-lo seu camiño co único desexo manifesto de paz e a conciencia de que a "Revolución" representaba a ruína e a destrucción de Galicia e de España. Vexamos algunhas mostras das tentativas de equilibrio.

Dende os seus comezos, *Cultura Gallega* difundiu as actividades dunha entidade galeguista como o Seminario de Estudos Galegos. Así mesmo, no núm. 6 (20-IV-1936) o subdirector, Eladio Vázquez Ferro, no artigo "En torno al Estatuto Gallego", manifesta o seu apoio ó Estatuto de autonomía de Galicia, pero "dentro del Estado Español... dentro de la Constitución española". E ademais, "libre de las influencias de la política partidarista", pois se desconfía da "influencia actual del Frente Popular". Malia estas e outras reticencias, afirma o autor do artigo con referencia ó Estatuto: "no vacilo en propugnarlo".

Xa con anterioridade, no núm. 3-4 (5 e 20-V-1936) dábase publicidade ó Estatuto reproducindo a carta do Comité provincial do Frente Popular de Pontevedra dirixida a tódolos concellos da provincia para que se fixara a data do plebiscito e se subvencionara o custo da campaña.

A primeira referencia á guerra civil —"desoladora convulsión de tipo revolucionario"— témola no núm. 9-10, no editorial "¿Derechas izquierdas?", onde despois de critica-los políticos e gobernantes manifestase o desexo de que canto antes "se restablezca la normalidad republicana". Así mesmo o artigo "Breves consideraciones en torno al problema que confrontó el Centro Gallego", onde se dá conta dos incidente habidos naquela sociedade o día 24 de xullo, evidencia xa o enfrontamento político entre distintos grupos e os problemas subseguintes de funcionamento entre os órganos de goberno e os socios. Os incidentes volven ser tratados na sección "Centro Gallego". A guerra motiva a perda de contacto coa península e así a sección de "Noticias de Galicia" matiza que estas son "anteriores a la Revolución". A situación de incomunicación determina un breve escrito que pecha o número —"De interés"— e no que se le: "A causa de los trastornos ocasionados en las comunicaciones con España por la Revolución desencadenada en nuestra Patria, no pudimos dar en este número tantas noticias de Galicia como acostumbramos".

A actitude de agardar e ver, de non se decidir por ningunha das forzas enfrontadas está clara no editorial "¿Quién dice la verdad?" xa dende o seu seu mesmo título. Nel infórmase da ocupación de Galicia polo bando dos militares sublevados —"De Galicia sabemos que la bandera bicolor.... se puso de nuevo en uso, sustituyendo a la tricolor de la República"— e advírtese do avance dun "movimiento militar de dimensiones inospechadas en cualquier otro país". En fin, a sección "Noticias de Galicia" pon de manifesto o éxito en Galicia dos sublevados reproducindo as súas ordes e instruccións e aínda as consignas da súa propaganda política. A "anormalidade" da situación

reitérase unha e outra vez e a actitude obxectiva e ecléctica diante dos acontecementos reafírmase polos responsables de *Cultura Gallega*: “Ni es valedero el cerrar de puños de cuantos lo hacen en las zonas donde imperan las milicias populares al servicio de la causa del Gobierno de Madrid; ni seguramente lo es tampoco el movimiento de extender la mano que tanto se viene repitiendo en las zonas donde imperan los rebeldes”.

Non deixa de ser significativa a celebración do “Día de la raza” no núm. 13-14 correspondente a outubro e, nesta liña, os artigos sobre Colón, o descubrimento de América, etc. A indagación na esencia do español orienta o artigo de León Felipe, daquela conferenciante na Habana.

Na sección “Noticias de Galicia” aparecen por vez primeira claras críticas á nova situación malia a nova declaración de total imparcialidade: “A nosotros, que no nos mueve ningún entusiasmo especial por ninguno de los bandos en lucha...”. Críticas que advirten da omnipresencia de censuras e controis en tódalas actividades, da existencia “de fusilamientos casi a diario”, da suspensión de mestres e catedráticos, do fusilamento “de más de trescientas personas” en menos de tres meses, citando entre as víctimas ó Dr. Carnero, Xaime Quintanilla e Alexandre Bóveda e desmentindo o fusilamento de Wenceslao Fernández Flórez polo bando republicano. A outra cara da moeda é a anécdota da retirada dos crucifixos nas escolas.

Resulta evidente a intención da revista de eludi-lo tratamento dos feitos bélicos. Excepción a esta liña é o traballo, puramente informativo, “La escuadra española al estallar la Revolución”. Na sección “Vida social de la colonia” nada se di do eco dos acontecementos no ámbito galego de Cuba. Desaparece a partir do núm. 15 a sección “Noticias de Galicia”, pero no núm. 16, na páxina 32 aparece “Una nota del general Franco” que reproduce un artigo de *El Pueblo Gallego* do 15-X-1936. Dáse, igualmente, noticia do fusilamento polos “derechistas” de García Lorca e do xornalista ferrolán Abelardo Novo y Brocas[28], que fora director do *Diario Español* da Habana.

**2.1. Os números.**

Ó longo do seu primeiro ano de existencia a revista publicou un total de dezaoito números (seis deles dobres) distribuídos en doce entregas. A súa periodicidade oscilou entre quincenal e mensual. Habitualmente mantivo a trinta e dúas páxinas por número, agás nalgúns casos de números dobres. O esquema seguinte dá conta da totalidade dos números coa súa cronoloxía:

Núm. 1 (5-IV-1936), 32 p.

Núm. 2 (20-IV-1936), 32 p.

[28] Non fora fusilado, aínda que morrería tempo despois no cárcere. Na revista hai referencia ó fusilamento de Jacinto Benavente e algún outro intelectual. O erróneo destas informacións foi consecuencia da estratexia dos sectores da prensa española enfrontados tamén durante a guerra civil, que tendían, con este tipo de noticias de fusilados, a desprestixia-lo adversario.

Núm. 3-4 (5 e 20-V-1936), 40 p.

Núm. 5 (5-VI-1936), 32 p.

Núm. 6 (20-VI-1936), 32 p.

Núm. 7-8 (25-VII-1936), 48 p.

Núm. 9-10 (VIII-1936), 32 p.

Núm. 11-12 (IX-1936), 32 p.

Núm. 13-14 (X-1936), 32 p.

Núm. 15 (5-XI-1936), 32 p.

Núm. 16 (20-XI-1936), 32 p.

Núm. 17-18 (XII-1936), 40 p.

**2.2. Sumarios.**

Un percorrido polos diferentes números de *Cultura Gallega* permite facer unha síntese do máis significativo das súas páxinas e, ó mesmo tempo, ofrecer unha panorámica dos seus máis salientables colaboradores así como da temática que van tratando. Cinguíndonos ós 18 números publicados ó longo do ano 1936, este percorrido posúe as seguintes referencias:

Núm. 1 (5 de abril de 1936).— Artigos sobre José Castro González "Chané" e Juan Antonio Saco y Arce.— Poemas galegos deste último e de José López de la Vega.— Primeiro conto galego de Eladio Vázquez Ferro e reprodución de "¡Malpocado!", conto de Valle-Inclán.— Comezan as seccións "Hijas de Galicia", de Manuel Arias Fernández; "Vida social de la Colonia", de Ramón Lemos; "Noticias de Galicia", "Centro Gallego" e "Homenajes sociales" (fotográfica).

Núm. 2 (20 de abril de 1936).— Colaboración de Eduardo Blanco Amor e artigos sobre Valle-Inclán, "Chané", Antonio Casares Rodríguez e Salvador J. Zapata y López.— Escolma de *maios* de diversas zonas de Galicia.

Núm. 3-4 (5 e 20 de maio de 1936).— Sinesio Fraga comeza a súa sección de música galega.— Primeira colaboración (en galego) de Otero Pedrayo.— Nota de propaganda a prol do Estatuto de Galicia.— Versión ó galego do "Beatus ille..." de Horacio, por José García Mosquera.— Artigos sobre Manuel González Rey, José Rodríguez Carracido e o citado García Mosquera.— Jesús Peynó escribe sobre a cultura no Centro Galego.

Núm. 5 (5 de xuño de 1936.— O artigo de Adolfo Víctor Calveiro sobre a batalla de Ponte Sampaio continúa na liña de anteriores achegas que tratan feitos do pasado histórico

galego.— Poemas galegos de Modesto Prieto Camiña e Carmiña Prieto Rouco.— Artigo (en galego) de Soutolongo sobre os castros.— Evocación da figura de Alejandro Rodríguez Cadarso.— Divulgación das actividades do Seminario de Estudos Galegos.— Comeza a sección “Da terra” (páxina fotográfica).

Núm. 6 (20 de xuño de 1936).— Escrito a prol do Estatuto galego.— Artigo de M. Lustres Rivas sobre o alalá.— Evocación da figura de Marcial Valladares Núñez e texto de exaltación do idioma galego de Saco y Arce.

Núm. 7-8 (25 de xullo de 1936).— Extraordinario conmemorativo do Día de Galicia.— Artigos sobre Galicia e os galegos de Jesús Peynó, Federico Maciñeira e Adolfo Víctor Calveiro.— Evocación de Concepción Arenal, Pascual Veiga, Waldo Álvarez Insua, Curros Enríquez e Roberto Nóvoa Santos.— Poemas galegos de Carmiña Prieto Rouco e J. Leite de Vasconcelos.— Escrito de Marcial Valladares sobre a lingua.— Primeira colaboración de Ángel Jorge Echeverri e Augusto Assía.— Numerosas páxinas de información gráfica.

Núm. 9-10 (agosto de 1936).— Primeiras referencias á guerra civil española.— Información das actividades do Seminario de Estudos Galegos.— Narración (en galego) de Adolfo Víctor Calveiro.— Primeira colaboración de Roberto Blanco Torres.— Poemas galegos (“Maldit’a guerra!”) de Carmiña Prieto Rouco.

Núm. 11-12 (setembro de 1936).— Primeiras noticias da guerra en Galicia.— Primeiro artigo de Fuco G. Gómez sobre aspectos gráficos e fónicos da lingua galega.— Reproducción dun longo estudio de Curros Enríquez sobre o mosteiro de San Rosendo de Celanova.— Artigo de Modesto Prieto Camiña sobre folclore galego.— Amplo estudio de Adolfo Víctor Calveiro de novo sobre o mosteiro de Celanova.— Primeira colaboración de Jacinto Benavente.— Poema de Ramón Cabanillas (“Lume no pazo”).

Núm. 13-14 (outubro de 1936).— Extraordinario dedicado ó Día de España con artigos de Jesús Peynó, Tiburcio Pérez Castañeda, Fernando Caíñas e León Felipe.— Poema galego (“O esprito”) de Isidoro Guede Fernández.— Artigo de Fuco G. Gómez sobre o esperanto.

Núm. 15 (5 de novembro de 1936).— Reiteración da vindeira homenaxe da revista a Rosalía de Castro para celebrar, en 1937, o Primeiro Centenario do seu nacemento.— Artigos sobre Rosalía, Feixóo e José María López Rodríguez.— Poemas de Curros Enríquez e Rosalía de Castro.— Colaboración do Dr. Gregorio Marañón e José Rubinos S. J.— Texto en galego —“Marica Castaña”— de Jesús Peynó.— Desaparece a sección

"Noticias de Galicia" debido ós problemas de comunicación creados pola situación de guerra que se vive en España.

Núm. 16 (20 de novembro de 1936).— Artigos sobre Rosalía co gallo do seu próximo centenario.— Interesante traballo de Gregorio Marañón sobre a figura de Roberto Nóvoa Santos.— Primeira colaboración de Wenceslao Fernández Flórez.— Novo artigo de Fuco G. Gómez, esta vez sobre as festas de Baralla.— Poemas de Rosalía de Castro.

Núm. 17-18 (decembro de 1936).— Primeira colaboración de Salvador de Madariaga.— Anuncio de eleccións no Centro Galego.— Artigos sobre Ramón de la Sagra e Ramón Fernández Mato.— Poemas galegos de Pedro Vázquez Rábade.— Manifestación de dor e inquedanza pola guerra en España.— Irregular comparecencia da serie "Gallegos ilustres", mentres continúa a supresión de "Noticias de Galicia".

**2.3. Colaboradores.**

Unha extensa nómina de sinaturas van xurdindo nestas páxinas número a número. Chama a atención a case omnipresencia de Adolfo Víctor Calveiro e Eladio Vázquez Ferro con todo tipo de colaboracións. Xunto a eles, como encargados de seccións, Manuel Arias Fernández, Sinesio Fraga e Ramón Lemos. Como poeta, sobre todo en galego, destaca Carmiña Prieto Rouco. Con máis dunha colaboración aparecen Jesús Peynó, Fernando Caíñas ou Modesto Prieto.



*Jesús Peynó, cronista do Centro Galego e colaborador de numerosas publicacións galegas de Cuba.*

A presencia das restantes sinaturas é eventual e reducida a unha ou dúas achegas. Comparecen así Casimiro Cienfuegos, Ramón Marcote, Isidoro Guede, Félix Estrada Catoira, Manuel García Fernández, Doctor Devesa, José Rodríguez Carracido, Jesús Ramos Rodríguez, Ricardo Fortes, Dámaso Pérez Valenzuela, Roberto Blanco Torres, José Rubinos S.J., Manuel Pedreira, Rafael Marquina, Pedro Vázquez Rábade, Tiburcio Pérez Castañeda, Ángel Jorge Echeverri, Jenaro Cruzado, Tirso Castellanos ou Salvador Gumbau. Engadamos a eles os prestixiosos nomes de Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Valle-Inclán, Salvador de Madariaga, Manuel Lustres Rivas, Wenceslao Fernández Flórez e Eduardo Blanco Amor. Entre os de orixe non galega

citamos a Gregorio Marañón, León Felipe, Francisco Rodríguez Marín ou Jacinto Benavente como os máis sobranceiros.

A cuestión lingüística, con atención ó galego, está atendida nos artigos de Fuco G. Gómez, interesado na fonética e na grafía do idioma. Como pseudónimos anotamos unicamente os de Pantófilo e Soutolongo. Reprodúcense textos de Juan Antonio Saco y Arce, Marcial Valladares Núñez, Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Feixóo.

Os textos en galego, limitados ó terreo da creación literaria e certamente pouco numerosos, son de Rosalía de Castro, Marcial Valladares Núñez, Eladio Vázquez Ferro, Otero Pedrayo, José García Mosquera (que traduce a Horacio), Carmiña Prieto Rouco, Isidoro Guede, Modesto Prieto Camiña, Soutolongo (un breve estudio dos castros), Juan Antonio Saco y Arce, José Leite de Vasconcelos, Adolfo Víctor Calveiro, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez, Jesús Peynó, Fuco G. Gómez e Pedro Vázquez Rábade. Hai tamén unha pequena escolma de *maios* e algúns cantares populares.

Polo que se refire ós **ilustradores** digamos que Rafael Cuenca, cubano, fixo a tipografía da cabeceira da revista. Xunto a el temos algunhas colaboracións de Alejandro Garrido e Samaniego (que ilustra a portada no núm. 7-8 cun debuxo de Concepción Arenal).

Resulta evidente que, desde o seu comezo mesmo, *Cultura Gallega* decidiuse pola fotografía para efectos da ilustración das súas páxinas. Non faltaron, sen embargo, debuxos de cubertas ou en páxinas interiores a carón de viñetas ornamentais que van ser asinar. A única referencia que atopamos ós artistas plásticos da revista figura nunhas breves liñas do editorial do núm. 7-8 (xullo, 1936):

> "Expresamos nuestro agradecimiento al Sr. Samaniego, notable pintor gallego, residente entre nosotros desde hace algún tiempo, quien espontáneamente nos brindó su cooperación con el hermoso dibujo de doña Concepción Arenal, que prestigia nuestra portada. No podemos olvidar tampoco a los distinguidos dibujantes cubanos señores Rafael Cuenca y Alejandro Garrido, colaboradores de esta Revista desde su comienzo".

Ós tres nomes citados hailles que engadi-lo de S. de Juliis, que ilustra a cuberta do núm. 6 (20-VI-1936) cunha estampa paisaxística—"Puente sobre el río Loroña"— de terras ourensás. E aínda un debuxo do poeta Pedro Vázquez de Rábade da autoría de L. García Pérez, pintor asturiano.

**2.4. Balance do ano.**

A guerra civil española marcou sen dúbida un grave punto de inflexión na andaina de *Cultura Gallega* no seu primeiro ano. Os responsables da publicación —na que a figura mitificada de Rosalía de Castro aparece espallada por moitísimas páxinas— teiman en que o seu propósito central é expresa-lo amor a Galicia, exaltala, dignificala e defendela pola vía do coñecemento da terra, da súa historia, das súas figuras máis ilustres, da súa cultura e aínda da súa lingua. Unha Galicia ollada e entendida na súa integración no contexto español e presente así mesmo no ámbito cubano.

Axudada economicamente polo Centro Gallego, a revista prestoulle atención informativa e tamén se ocupou doutras entidades galegas de Cuba. Mención especial merecen as páxinas dedicadas á entidade Hijas de Galicia polo que teñen de sensibilidade para os problemas da muller e da infancia. Pero cómpre dicir a este respecto que se por unha banda se dá noticia de avances en instalacións e adiantos técnicos en materia de saúde, educación, atención social, etc, resultan excesivamente abondosas as notas "de sociedade" nun senso superficial: casamentos, aniversarios, necrolóxicas, nacementos, circulación de viaxeiros, etc. Así como banquetes e homenaxes varios. Un xeneroso complemento fotográfico coadxuva a resalta-las crónicas, reportaxe e notas informativas.

Centrada no cultural galego nun amplo e aséptico senso, *Cultura Gallega* omite informar dos problemas de fondo que a guerra civil suscitou na vida da comunidade galega en Cuba, excepción feita de amosa-lo desexo de que a traxedia rematase e de manifesta-la solidariedade coas víctimas. O peche da sección "Noticias de Galicia" é significativo e dende logo evitou á dirección da publicación moitos atrancos e problemas, pero determinou un endocentrismo para ó galego-cubano certamente limitativo. Tal limitación impídelle a *Cultura Gallega* desenvolver unha das principais funcións da prensa emigrante: servir de canle ou ponte coa Galicia peninsular. A revista, en consecuencia, xa no seu primeiro ano de vida, salienta pola abondosa información da Galicia emigrante ó tempo que evoca fitos e figuras do pasado cultural galego. En síntese, as tráxicas circunstancias da guerra civil tiveron acusada influencia en *Cultura Gallega* alterando o seu rumbo inicial e influído na adopción dunha liña abstencionista, pasiva, non intervencionista, só alterada en contadas ocasións.

Haberá que agardar ó bienio 1939-1940 para advertir sinais inequívocos dun proceso de dereitización que virou as páxinas de *Cultura Gallega* a posicións favorables ó novo réxime franquista, que non deixou de enviar algúns intelectuais como os seus embaixadores (casos de Jaime Solá e mais Euxenio Montes). Con seguridade houbo unha forte presión da dereita pro-española instalada no poder no Centro Galego. Os textos de Adolfo Víctor Calveiro e, sobre todo, de Eladio Vázquez Ferro non deixan dúbida da adhesión da revista ó réxime vencedor na guerra civil. E, sen embargo, os dous andaron polos anos vinte nas ringleiras do nacionalismo e formaron parte da Xuntanza Nazonalista Galega d'a Habana, certamente no seu sector máis moderado, que non entendía imprescindible o emprego do galego.

### 3. Descrición da xeira de 1937.

Durante 1937 a revista semella afirma-la súa presencia no ámbito da hemerografía da emigración galega en Cuba. Teima na identidade das súas páxinas e na liña cultural e informativa destas. O proceso de desenvolvemento da publicación posúe a súa máis espléndida e meritoria referencia no importante número dedicado a Rosalía de Castro, que indiscutiblemente debe figurar no haber da xeira de *Cultura Gallega* e dos seus directores. O contexto no que o número aparece non fai senón darlle un valor engadido. Polo demais, *Cultura Gallega* móvese en circunstancias políticas e económicas ben pouco favorables e os seus responsables, ó tempo que tentan dar pulo ás páxinas, deben sortear non poucos problemas e sacrifica-la dimensión informativa da Galicia interior en beneficio da propia subsistencia da publicación. Mais ese posicionamento, na procura dunha convivencia harmónica e na pura exaltación dos valores e figuras da cultura galega, non se puido manter por moito tempo. Doses de asepsia e de equilibrio non faltaron, pero aínda así non abondou. Pretender situarse por enriba dos feitos cando estes teñen a gravidade dunha guerra civil (por moito que esta se desenvolvese a moita distancia) foi un ideal que *Cultura Gallega* non conseguiu malia os moitos esforzos. Pero, certamente, non foi pouco que resistise catro anos.

#### 3.1. Os números.

Ó longo do ano a revista publicou un total de vintecatro números repartidos en dez entregas. No seguinte esquema reproducímo-la cronoloxía da súa totalidade. Tivo carácter extraordinario a entrega dedicada ó Primeiro Centenario[29] de Rosalía de Castro (1837-1937), ó Día de Galicia e mailo Día da Raza (12 de outubro). Impúxose a periodicidade mensual con algunha excepción e o número de páxinas continuou a ser de trinta e dúas habitualmente. Velaquí a secuencia:

Núm. 19-20 (I-1937), 32 p.

Núm. 21-22 (II-1937), 36 p.

Núm. 23-26 (III-IV-1937), 112 p.

Núm. 27-28 (V-1937), 38 p.

Núm. 29-32 (VI-VII-1937), 48 p.

Núm. 33-34 (VIII-1937), 32 p.

Núm. 35-36 (IX-1937), 32 p.

Núm. 37-38 (X-1937), 32 p.

---

[29] A prensa cubana contribuíu a apoia-los actos daquel centenario, ó que deron publicidade Roberto Santos (*Diario de la Marina*), Ángel Lázaro (*Carteles*), Manuel Pedro González (*Revista Cubana*) ou Gustavo G. Herrero (*El País Gráfico*).

Núm. 39-40 (XI-1937), 32 p.

Núm. 41-42 (XXI-1937), 34 p.

**3.2. Sumarios.**

Núm. 19-20 (xaneiro de 1937).— O editorial dá conta das eleccións no Centro Galego e do triunfo nestas do partido Afirmación Gallega.— Artigo de Mercedes Vieito sobre a morte de Adelardo Novo.— Poemas de Rosalía de Castro e Pedro Vázquez Rábade.— Colaboracións de Ramón Fernández Mato, Fernando Caíñas e José L. Pérez.— Anuncio da celebración do primeiro Centenario de Rosalía de Castro e do protagonismo de *Cultura Gallega* na organización dos actos.— Ramón Fernández Mato, chegado á Habana en decembro de 1936, lembra que en España "las liras han cedido el paso a las metralladoras... en el tenso terror del ambiente".— Escritos de Fuco G. Gómez e Sinesio Fraga que tratan temas de folclore e teatro galegos respectivamente.— Continuidade das seccións "Centro Gallego", "Hijas de Galicia" e "Vida social de la Colonia".— Lembranza do primeiro cabodano da morte de Valle-Inclán e reproducción dun escrito da súa autoría.

Núm. 21-22 (febreiro de 1937).— O elevado número de colaboracións sobre a figura de Rosalía (da autoría de Eladio V. Ferro, Roberto Santos, Ángela H. de Neira e outras sen asinar) converten esta entrega da revista nun anticipo da gran homenaxe rosaliana que terá lugar na seguinte, dedicada ó Primeiro Centenario (1837-1937) do nacemento da Cantora do Sar.



*Xerardo Álvarez Gallego, presidente do partido Hermandad Gallega e colaborador de* Cultura Gallega.

Son achegas de interese a entrevista a Menéndez Pidal por Xerardo Álvarez Gallego (con referencias á situación difícil pola que atravesaba Aníbal Otero); o traballo de Fuco G. Gómez sobre refráns, ditos e cantigas populares e o artigo de Aldolfo V. Calveiro sobre o pintor Juan Martínez Buján (ilustrador de *Cultura Gallega*).— Ramón Fernández Mato escribe sobre El Valle de Oro e as súas xentes e Fernando Caíñas sobre Ramón de la Sagra.— Comeza a serie (curta e de irregular traxectoria), "El cartafol de la anécdota".

Núm. 23-26 (marzo-abril de 1937).— Especial conmemorativo do Primeiro Centenario do nacemento de Rosalía de Castro (1837-1937), encabezado por un texto autógrafo de Menéndez Pidal, daquela Presidente da Real Academia Española e visitante de honra

do Centro Galego. El presidiu os actos que tiveron lugar na noite do día 18 no Teatro Nacional do Centro Galego en homenaxe a Rosalía.— Reproduce este número os dous traballos de Xerardo Álvarez Gallego premiados no Concurso Literario organizado por *Cultura Gallega* co patrocinio do Centro Galego.— Crónica dos actos literario-musicais.

Poemas de Rosalía, Cabanillas, Rey Soto, Ángel Lázaro, Alberto García Ferreiro, Francisco del Río Crespo, Curros Enríquez e Pedro Vázquez Rábade.— Os artigos de temática rosaliana son de Adolfo Víctor Calveiro, Eladio Vázquez Ferro, Luis Taibo, Mercedes Vieito, Dámaso Pérez Valenzuela e outros.— Son achegas de interese as de Jesús Peynó (sobre Murguía), Xerardo Álvarez Gallego (entrevista con Ángel Lázaro), Ramón Fernández Mato, Carolina Poncet (sobre a obra de Menéndez Pidal) ou Ramón Marcote, que escribe sobre mulleres galegas ilustres.— Carta de Cayetano García Lago —Presidente do Centro Galego— a Luis de Oteyza.— Rico material fotográfico e ilustracións de Mariano de Miguel, Juan Martínez Buján e Guillermo Massó.

Núm. 27-28 (maio de 1937).— O editorial ratifica posicións xa manifestadas con anterioridade e referidas ó apoliticismo, obxectividade e galeguismo da revista. A guerra civil suxírelle só unha actitude pacifista ós responsables de *Cultura Gallega* e para eles, "al margen de la guerra, hay muchas cosas nobles y necesarias que hacer en Cuba".

Grave situación económica polo fracaso de público da Festa do Centenario de Rosalía de Castro e problemas administrativos internos na revista.— Artigos dedicados a Enrique Labarta Pose, Concepción Arenal, Casto Sampedro e Martínez Buján.— Colaboracións de Fernández Mato, Ramón del Campo e Enrique Labarta Pose.— Nova entrega da sección "El cartafol de la anécdota".

Núm. 29-32 (xuño-xullo de 1937).— Número extraordinario, conmemorativo do Día de Galicia. Pola importante nómina de colaboradores este é un dos mellores números de *Cultura Gallega*, con abondosos artigos que se ocupan do Centro Galego, de Galicia, dos temas xacobeos, de Rosalía ou de Galicia en América.— Poemas de Ramón del Campo, Marina Senra (que habitualmente colabora con contos en castelán), Antonio Cillero e José Eugenio Hermida.— Colaboracións de Otero Pedrayo, Labarta Pose (en galego), Ramón Fernández Mato, Jesús Peynó e Roberto Santos.— Comentario ó libro poético *Invisibres com'o vento*, de Pedro Vázquez Rábade.— Carta de Ramón del Campo González, Presidente da agrupación política Renovación y Defensa Social.— Ilustracións de Marina Senra, Rafael Cuenca e Sánchez Felipe.

Núm. 33-34 (agosto de 1937).— *Cultura Gallega*, "empresa patriótica y romántica", traslada a súa sede á Manzana de Gómez núm. 211, ó obradoiro de fotograbado *Perfiles*.— Véxase, así mesmo, a nota informativo-programática que, por vez primeira, acompaña os créditos da revista. Nela lemos que a publicación nace "con el fin de facilitar el conocimiento de Galicia, es apolítica y no confesional".— A saída dos Bonos de Gratitud en apoio da publicación é indicativo dunha moi precaria economía.

Poemas de Valle-Inclán, Rosalía, Ramón Cabanillas e Eladio Vázquez Ferro.— Conto galego de E. Portela Pérez.— Artigos sobre Gumersindo Busto, fundador da Biblioteca América.— Balance dun ano de existencia de *Cultura Gallega*, por Eladio Vázquez Ferro.

Núm. 35-36 (setembro de 1937).— As dificultades económicas orixinan a creación dun Comité de Propaganda pro *Cultura Gallega*. Polo demais, este novo número dobre é interesante polas colaboracións poéticas de Eladio Vázquez Ferro, Fuco G. Gómez, Benito Losada Pérez, Daniel Pernas Nieto, Gonzalo López Abente e Jesús Muruais.— Reproducción dunha carta de Diego Sarmiento Acuña, conde de Gondomar; escrito de Curros sobre a muller galega e anuncio do centenario de López Ferreiro.— Viñeta de Granda.— Homenaxe a Ángel Velo no Centro Galego.

Núm. 37-38 (outubro de 1937).— Especial dedicado ó Día da Raza con especial referencia á guerra civil, tratada así mesmo na achega de Salvador de Madariaga.— Varias páxinas de exaltación española e americanista, con atención ó tema colombino.— Versos galegos de Fuco G. Gómez e partitura da canción "Miña nai" harmonizada por G. Freire.— Poemas de Ramón del Campo, Ramón G. García Lago, José Estadella e Pedro Vázquez Rábade.— Artigos sobre o Colón galego.

Núm. 39-40 (novembro de 1937).— A referencia do editorial ós Bonos de Gratitud é indicativo, unha vez máis, dos problemas económicos non resoltos que continuaban a pesar en *Cultura Gallega*. De novo a revista teima no seu apoliticismo, situándose "al margen de la política, actividad accesoria y de orden secundario".

Número dobre con varias páxinas dedicadas a Antonio López Ferreiro: textos do escritor, bibliografía e un artigo de Adolfo Víctor Calveiro.— O Centro Galego é obxecto da crónica de Jesús Peynó.— Na lírica, presencia de Ángel Lázaro en *Romances de Cuba y otros poemas* (1937).— Abondosa información das sociedades galegas de Cuba.

Núm. 41-42 (decembro de 1937).— O editorial —"Año Nuevo"— alude xenericamente á violencia e ás guerras sen agacha-la referencia a España. O texto está impregnado de relixiosidade cristiá.

Algunhas informacións (véxase. p. 4) indican que a revista continúa mal economicamente.— O interese deste número é fundamentalmente informativo.— Nas súas páxinas literarias rexistramos un conto da Pardo Bazán e poemas en galego de Fuco G. Gómez, Manuel Leiras Pulpeiro e Pedro Vázquez Rábade.— Salientámo-lo artigo de Conde Rivera sobre a Biblioteca Mariñeira fundada por Ramón Fernández Mato; a nota crítica que fala de *O idioma dos animás*, novela galega de Fuco G. Gómez, e a ilustración de Carlos Maside (p. 23).



*Ramón Fernández mato, autor de numerosas páxinas de* Cultura Gallega.

**3.3. Colaboradores.**

O ano 1937 representou, para unha revista en proceso de crecemento e consolidación como *Cultura Gallega*, a chegada, dunha banda, de novos **colaboradores literarios**; doutra, a permanencia dalgunhas das sinaturas xa presentes ó longo de 1936. Tendo en conta só aqueles que deixaron un número minimamente representativo de achegas, os principais colaboradores que acceden á revista no seu segundo ano son: Xerardo Álvarez Gallego, Ramón del Campo González, Manuel Leiras Pulpeiro, Gonzalo López Abente, Enrique Labarta Pose, Ángel Lázaro, Mercedes Vieito de López e Marina Senra.

Renovan a súa presencia (activa ou pasiva), Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez, Valle-Inclán, Ramón Fernández Mato, Fuco G. Gómez, Jesús Peynó, Ramón Marcote, Otero Pedrayo, Emilia Pardo Bazán, Fernando Caíñas ou Sinesio Fraga.

Tendo en conta o número de colaboracións, cómpre salientar, polo que se refire ó presente ano 1937, a participación nas páxinas de *Cultura Gallega* de Francisco del Río Crespo, Xerardo Álvarez Gallego, Ramón del Campo González, Ramón Fernández Mato, José Eugenio Hermida, Mercedes Vieito de López, Pedro Vázquez Rábade, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez, Fuco G. Gómez, Ramón Marcote, Marina Senra, Ramón Lemos, Manuel Arias Fernández e, naturalmente, Adolfo Víctor Calveiro e Eladio Vázquez Ferro.

No que atinxe ós **ilustradores**, teñen —como xa dixemos— unha representatividade escasa e pouco influínte, pois a vocación informativa da revista implicou unha aposta pola ilustración fotográfica. Salientemos, sen embargo, o retratista compostelán Juan Martínez Buján[30]. No número dedicado ó Día de Galicia temos a Marina Senra —tamén poeta e narradora en castelán—, Sánchez Felipe e Rafael Cuenca. Aparece tamén algunha viñeta de ton humorístico da autoría doutro galego, Granda, xunto a outras ornamentais sen asinar. Cunha única viñeta contribúe así mesmo Carlos Maside. Citemos, por fin, a Guillermo Massó.

### 3.4. Balance do ano.

O afervoado rosalianismo —reiteramos— que desde os seus comezos caracterizou a *Cultura Gallega* chegou ó cumio neste ano co fundamental extraordinario (núm. 23-26) conmemorativo do Primeiro Centenario da escritora. Outros extraordinarios foron o do Día de Galicia e mailo dedicado á Festa da Raza, datas ben indicativas, coa súa presencia conxunta, desa visión de Galicia sempre en relación con España.

As sinaturas de novos colaboradores, a continuidade das tres seccións dedicadas á vida dos emigrantes galegos e das súas sociedades e a consolidación dos trazos externos, estructurais e temáticos da publicación son claves indicativas do seu crecemento. Pola contra, son agora novidade o mutismo case total sobre o acontecer da guerra (á que temos só breves alusións nos editoriais e pouco máis) e a ausencia de noticias da Galicia interior.

Engadamos que as notas autopublicitarias son abondosas e as referencias á precaria economía da revista son constantes. Gobernado o Centro Galego polos partidos de dereitas, *Cultura Gallega*, dependente en boa medida da subvención daquela sociedade, non reflicte senón un discreto silencio, só alterado pola dor diante da traxedia vivida na península. Nada sabemos, polo de agora, de cómo se viviron no Centro Galego os sucesos da guerra civil. En anos posteriores veremos algunhas referencias críticas a algúns grupos de "alborotadores" (os de esquerdas, partidarios da Republica, que estaban en franca minoría) e pouco máis. A múltiple presencia de Adolfo Víctor Calveiro e Eladio Vázquez Ferro é, de novo, unha constante caracterizadora e orientadora das páxinas.

## 4. Descrición da xeira de 1938-1940.

Aínda que limitámo-la presente edición facsimilar de *Cultura Gallega* ós anos 1936-1937, a revista, como xa deixamos anotado, proseguiu a súa andaina ata marzo de 1940 (núm. 80-81, correspondente ó bimestre febreiro-marzo). Completou, así, catro anos xustos de existencia, pois o

[30] Ó longo de *Cultura Gallega* hai varios artigos sobre a obra pictórica de Martínez Buján. O primeiro deles, con numerosos datos da súa vida e obra, é o de Adolfo Víctor Calveiro, "Valores artísticos de la Galicia de hoy: Juan Martínez Buján" (núm. 21-22, febreiro de 1937, p. 37).

núm. 1 ten data de 5 de abril de 1936. Os números correspondentes ós anos 1938-1940 puidémolos consultar na colección practicamente completa da revista que se conserva na Biblioteca do Instituto de Literatura y Lingüística da Habana. Deses números, desde o 43-46 (xaneiro-febreiro de 1938) ata o derradeiro, 80-81 (febreiro-marzo de 1940) fixemos unha edición limitada, por procedementos fotomecánicos de reproducción, cunha tiraxe de vinte exemplares, que figuran xa en vinte bibliotecas de Galicia a disposición de lectores e investigadores. Vexamos de seguido algúns datos caracterizadores da revista no ámbito cronolóxico xa referido

### 4.1. Os números.

**Ano 1938:**

Núm. 43-46 (xaneiro-febreiro), 44 p.

Núm. 47-48 (marzo), 32 p.

Núm. 49-52 (abril-maio)

Núm. 53-54 (xuño), 32 p.

Núm. 55-58 (xullo-agosto), 42 p.

Núm. 59-60 (setembro), 32 p.

Núm. 61-64 (outubro), 42 p.

Núm. 65-66 (decembro), 48 p.

**Ano 1939:**

Núm. 67 (xaneiro), 36 p.

Núm. 68-69 (febreiro-marzo), 40 p.

Núm. 70 (abril), 32 p.

Núm. 71 (maio), 34 p.

Núm. 72 (xuño, por erro, xullo), 42 p.

Núm. 73 (xullo), 40 p.

Núm. 74-75 (agosto-setembro), 40 p.

Núm. 76 (outubro), 34 p.

**Ano 1940:**

Núm. 77-79 (xaneiro-febreiro), 56 p.

Núm. 80-81 (febreiro-marzo), 32 p.

### 4.2. Sumarios.

As referencias que van a continuación fornecen unha idea dos camiños que atravesaba *Cultura Gallega* no que atinxe a informacións, colaboracións, temas tratados e outros significativos aspectos. Vexamos:

Núm. 43-46 (xaneiro-febreiro de 1938).— Presencia de tres dos máis asiduos colaboradores: Jesús Peynó, Fuco G. Gómez e Ramón Fernández Mato.— Atención especial a Unamuno e Concepción Arenal.— Reproducción dun fragmento (cunha viñeta) de *Cousas da vida*, de Castelao.— Un poema —"Muiñeira"— de Alejandro Casona.— Ilustracións de Fernando Álvarez de Sotomayor.— Rosalía traducida ó inglés.— Información de problemas económicos e políticos co Centro Galego.

Núm. 47-48 (marzo de 1938).— *Cultura Gallega* cumpre dous anos.— Poemas galegos de Curros.— Carta de apoio de Fernando Ortiz á homenaxe a Concepción Arenal.— Traballo de O rapaz d'a pena de Gonce sobre a morriña e os poetas.— Colaboración de Wenceslao Fernández Flórez.— O Centro Galego acorda oficialmente axudar a *Cultura Gallega* (votan a prol da axuda apoderados dos partidos Afirmación Gallega e Renovación y Defensa Social).— Traballo de Adolfo Víctor Calveiro sobre Rosalía.— Peche da academia nocturna do Plantel Concepción Arenal.

Núm. 49-52 (abril-maio de 1938).— Falta este número da colección de *Cultura Gallega* que consultamos. Por alusións que figuran no seguinte (e xa no anterior) sabemos que está dedicado a Curros Enríquez no trixésimo aniversario do seu pasamento e á figura esgrevia de Ramón de la Sagra.— Colaboran José María Chacón y Calvo, Sinesio Fraga, Ramón Marcote, Ramón Fernández Mato, Roberto Santos, Fuco G. Gómez, Ramón del Campo, Carlos de la Torre ou Héctor de Saavedra ente outros. Reprodúcese a "Melodía Galega", con letra de Curros e música do mestre Fortes Alvarellos.

Núm. 53-54 (xuño de 1938).— Ramón Peña ilustra a cuberta.— Poema galego de Isidoro Guede. Colaboración de Vital Aza.— Artigo sobre o músico galego Antonio Rodríguez Álvarez (reprodúcese a partitura da súa peza "Hermoso cielo cubano").— Información da homenaxe a Juan Varela Grande, presidente de honra de Beneficencia Galega.— "O testamento d'o tío Froilán", conto popular galego..

Núm. 55-58 (xullo-agosto de 1938).— Dedicado ó Día de Galicia.— Continúa a colaboración asinada por O rapaz d'a pena de Gonce.— Novo poema de Ramón del Campo.— Inicia a súa colaboración Andrés Lion, que trata sempre de temas de ciencia e técnica.— Comeza tamén a sección "Contos e paus", asinada por Xan d'o Pau, que terá curta e irregular presencia. Escrita en galego, é de carácter informativo e crítico.—

Novo episodio da polémica entre Fuco G. Gómez e Adolfo Víctor Calveiro (tamén terciou Jesús Peynó en máis dunha oportunidade).— Colaboración de Ramón Fernández Mato desde Nova York.— Comeza a sección "Acusamos recibo de..." con novidades de libros e revistas.

Núm. 59-60 (setembro de 1938).— O editorial refírese ós tráxicos acontecementos da guerra civil española.— Ecoa a polémica Fuco G. Gómez-Peynó-Calveiro.— Información cinematográfica (esta e as seguintes, dan a coñece-las novidades de Cifesa).— Necrolóxica de Waldo Álvarez Insua, que morrera en Madrid o día 10 de agosto. Retrato do ilustre xornalista.— Textos do citado Waldo Álvarez Insua, Concepción Arenal e Eladio Vázquez Ferro.— Nova entrega da sección "Contos e paus".

Núm. 61-64 (outubro-novembro de 1938).— Editorial que defende a España da "Leyenda negra".— Varios artigos sobre Colón (Vicente Blasco Ibáñez, Ramón Marcote, etc.).— Novas colaboracións de Andrés Lion, Ramón del Campo e O rapaz d'a Pena de Gonce.— Nova achega do escritor arxentino Constancio C. Vigil.— Crónica da actuación do Grupo Artístico "Saudade", coa presencia dos mestres José Guede e Ricardo Fortes.— Debuxo nun recadro no que, baixo a faciana de Castelao, lémo-la nota que dá conta da súa presencia na Habana "en viaje de propaganda por la causa republicana" e anuncia varios actos de homenaxe.— Crónicas da homenaxe a Basilio Álvarez no Teatro Nacional o día 23 de outubro. Castelao, "genial y galleguísimo" enviou unha mensaxe desde Nova York e tamén se leu un escrito de Xerardo Álvarez Gallego.— Poemas de Rubén Darío e A. Couceiro Freijomil.

Núm. 65-66 (decembro de 1938).— Ampla información sobre as eleccións de Apoderados no Centro Galego.— Listas electorais completas cos candidatos dos partidos Afirmación Gallega, Renovación y Defensa e Hermandad Gallega.— Poemas de Couceiro Freijomil, Viñas Calvo, Fuco G. Gómez, José María Calveiro e Eduardo Lence-Santar.— Artigos sobre o mestre Ricardo Fortes e o Grupo Artístico Saudade.— Crónica da homenaxe a Castelao en La Polar (6-XII-1938) promovida polo partido "Hermandad Gallega" presidido por Xerardo Álvarez Gallego.— Crónica da homenaxe a Cayetano García Lago, Jesús María Bouza e Secundino Baños Vilar celebrada o día 4 de decembro en La Tropical[31] e organizada polo partido Afirmación Gallega do que García Lago era presidente.— Nova entrega da sección de novidades bibliográficas.— Jesús Peynó comenta a iniciativa de *Cultura Gallega* de crear unha Asociación de Amigos da Cultura Galega.

Núm. 67 (xaneiro de 1939).— Novas informacións do proceso electoral no Centro Galego coa relación dos novos apoderados e dos que continúan.— Artigos de homenaxe ó mes-

tre José Guede —finado o día 6 de xaneiro— da autoría de Juan Bonich, Ramón Fernández Mato, Ricardo Fortes e Adolfo Víctor Calveiro, e mais unha ampla nota necrolóxica.— Achegas de André Lion, Jesús Peynó, Constancio C. Vigil e poemas de Rosalía e Ricardo Barros Pinto.— Crónica da homenaxe a Narciso Rodríguez Laza, director político do partido Renovación y Defensa Social.— Información sobre o Grupo Artístico Saudade.

Núm. 68-69 (febreiro-marzo de 1939).— Reaparece a sección "Noticias de Galicia", interrompida desde os comezos da guerra civil en España. Só media páxina, moi pobre e limitada.— Artigo de Sinesio Fraga sobre o mestre José Guede.— Amplo traballo de Adolfo Víctor Calveiro sobre Manuel Linares Rivas.— Novos cargos do Centro Galego como consecuencia das eleccións.— Poemas de Pedro Vázquez Rábade, José María Calveiro e Ramón del Campo.— Fragmento da peza *Unha noite na casa do tío Farruco do Penedo*, de Laureano Guitián Rubinos, párroco de Lalín.— Artigo de Euxenio Montes sobre o antisemitismo.

Núm. 70 (abril de 1939).— Festa organizada pola Agrupación Artística Gallega a beneficio de *Cultura Gallega*.— Achegas de André Murois, Álvaro de las Casas, Julio Dantas, Ramón del Campo González e Ramón Fernández Mato.— Nota que anuncia o remate da guerra en España.— Información de actuacións do Grupo Artístico "Saudade" e da súa Coral.— Sección "Gráficos de Galicia" con material fotográfico de ilustración..

Núm. 71 (maio de 1939).— Noticia dos éxitos do músico galego Antonio Rodríguez Álvarez.— Cablegrama de Cayetano García Lago, presidente do Centro Galego, dirixido ó xeneral Franco con petición de clemencia para Adelardo Novo y Brocas, preso no cárcere de Pamplona.— Poemas de Ricardo Barros Pintos, Ramón del Campo, José María Heredia, Waldo Álvarez Insua, José María Calveiro, Enrique Labarta Posse e Carmen A. Cadilla.— Achegas de Jesús Peynó, José Ingenieros e Ramón Fernández Mato.— Crónica da homenaxe póstuma, o día 27 de maio, no Centro Galego, a Waldo Álvarez Insua, con actuación da coral Saudade e discurso de Eladio Vázquez Ferro, que gabou o homenaxeado.— Información sobre a Agrupación Artística Galega.

Núm. 72 (xuño de 1939).— Nova entrega da sección Noticias de Galicia.— Extenso estudio de Adolfo Víctor Calveiro sobre a figura de María Pita.— Eladio V. Ferro fai a

[31] Adoitaban as sociedades galegas celebra-las súas xuntanzas (xantares de confraternización, homenaxes, etc.) en locais como os Jardines de la Cotorra, Cervecería La Polar (Salón Trimalta), Jardines de La Tropical, Salón Ensueño (tamén de La Tropical), Stadium de Puentes Grandes (de La Polar), Jardines de la Finca «Las Piedras» de San Francisco de Paula, Hotel Gran América e Salón Capitolio. Estamos a falar dos anos 1930-1940.

necrolóxica do escritor cubano Emilio Gaspar Domínguez.— Poemas de Enrique Rivera Suárez (El caballero enlutado) e de Manuel Gondell Linares.

Núm. 73 (xullo de 1939).— Achegas de André Lion, Don Delfín d'a Pena de Gonce, Fermín Peraza y Sarausa, Ramón Fernández Mato e Rafael López Moreira.— Poemas de Francisca Herrera Garrido, Ernesto Padín e Arturo Liendo.— Partitura de "Alborada Gallega", de Carlos Fernández Vilá.— Crónica dos actos do Día de Galicia no Centro Galego.— Noticia da morte de Adelardo Novo, o día 18 de xullo, no hospital de Logroño.

Núm. 74-75 (agosto-setembro de 1939).— Editorial, asinado por Constancio C. Vigil, que dá conta do estoupido da guerra en Europa.— Anuncio da festa de homenaxe a *Cultura Gallega*.— Lembranza da figura de Casto Méndez Núñez.— Amplo artigo de Adolfo Víctor Calveiro sobre Narciso Monturiol e Isaac Peral.— Xantar de confraternización dos afiliados e simpatizantes do partido unificado Afirmación y Defensa que goberna o Centro Galego con Cayetano García Lago como presidente.— Actividades da Agrupación Artística Galega.— Nota da Unión Barcalesa en solicitude de axuda ós exiliados españois en Cuba.

Núm. 76 (outubro de 1939).— Continúa a información da homenaxe a *Cultura Gallega.*— Información cinematográfica de Cifesa.— Colaboracións de Jesús Peynó, Ángel González Palencia, Arturo Montó y Serrano e Rafael López Moreira.— Fragmento do drama *Estirpe*, de Alfredo Gómez Jaime e Ramón Fernández Mato.

Núm. 77-79 (xaneiro de 1940).— Crónica do acto de homenaxe a *Cultura Gallega* o día 19 de xaneiro no Teatro Martí.— Comentario de Adolfo Víctor Calveiro sobre os problemas económicos que *Cultura Gallega* levaba soportando e que ameazaban a súa existencia.— Achegas de S. Griswold Morley, Gerardo Gallegos, Rafael López Moreira, Sinesio Fraga, Jesús Peynó, Azorín e Ramón Román.— Texto de "Canción de amanecer", de Ramón Fernández Mato con música de Ricardo Fortes.— Texto de "A epopeia da sega", de José Rubinos.— Poemas de Antonio Rey Soto, Salvador Rueda, Ramón del Campo, Valentín Lamas Carvajal, Faustino Díez Gaviño, Alberto García Ferreiro, Marcial Valladares Núñez, Raimundo e Pedro Vázquez Rábade e Manuel Nóvoa Costoya.— Traducción ó castelán do prólogo de Griswold Morley a *The river Sar*, antoloxía do poemario de Rosalía de Castro.— Importante traballo de Ramón Marcote sobre a prensa galega en Cuba.— Estudios sobre *La casa de la Troya*.

Núm. 80-81 (febreiro-marzo, de 1940).— Editorial que anuncia proxectos de renovación para *Cultura Gallega,* pero que advirte da gravísima situación económica pola que

pasa, sobre todo pola suspensión da axuda do Centro Galego.— Novos datos do acto de homenaxe á revista.— Poemas de Carmiña Prieto Rouco, José Fernández Castro e Mariano Sancho Gauchola.— Homenaxe a Concepción Arenal organizado pola sección de Bellas Artes do Centro Galego.— Necrolóxicas dedicadas a Jaime Solá, Jesús Corredoira, Antonio Méndez Casal, Xerardo Álvarez Limeses e Ángel Gómez Blanco.— Homenaxe en "La Tropical" a Jesús María Bouza Bello organizado polo partido Afirmación y Defensa.

A configuración das páxinas da revista non experimentou cambios significativos nestes anos, nin formais nin de contido. En consecuencia, continuaron as **seccións** consolidadas desde os primeiros números, é dicir: "Vida social de la Colonia", de Ramón Lemos; "Centro Gallego" e "Hijas de Galicia", esta última levada por Manuel Arias Fernández ata o núm. 71 (maio de 1939), que é substituído por José Vázquez.

Houbo, sen embargo, algunhas alteracións. Así, a frustrada tentativa de recuperar "Noticias de Galicia", que sen embargo só reapareceu en dúas ocasións (núm. 68-69 e núm. 72). Desapareceron os comentarios musicais de Sinesio Fraga e as páxinas dedicadas ós galegos ilustres. Pola contra foron novidosas incorporacións, sen chegar a callar en seccións de continuidade, as notas de información cinematográfica e as achegas que anunciaban novidades bibliográficas e hemerográficas. Cómpre salientar así mesmo os numerosos artigos de carácter científico ou técnico de André Lion. Non se consolidou "Contos e paus", asinada por Xan d'o Pau, que só deixou tres ou catro achegas.

### 4.3. Colaboradores.

Un feixe de novas sinaturas incrementou a xa ampla nómina de colaboradores de *Cultura Gallega*. Houbo, entre eles, nomes de sona internacional como Rubén Darío, José Ingenieros, Vicente Blasco Ibáñez, Fernando Ortiz, José María Chacón y Calvo, José María de Heredia, Vital Aza, José Martínez Ruiz "Azorín", André Maurois, S. Griswold Morley e algún outro. En calquera caso as súas contribucións (activas ou pasivas) foron illadas, eventuais.

Pola contra, foi intensa a presencia de Adolfo Víctor Calveiro, Eladio Vázquez Ferro, Fuco G. Gómez, Jesús Peynó, Manuel Arias Fernández, Ramón Fernández Mato, Ramón del Campo, Constancio C. Vigil, André Lion, Ramón Lemos e Don Delfín ou O rapaz d'a Pena de Gonce. E son novidade as colaboracións (ou reproducción de textos) de Castelao, Euxenio Montes, Laureano Guitián Rubinos, Álvaro de las Casas, Francisca Herrera Garrido, Antonio Rey Soto, Eduardo Lence-Santar, Antonio Couceiro Freijomil, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Linares Rivas, Alejandro Barreiro, Xoán d'o Pau e Ricardo Barros Pintos.

Anotemos tamén a comparecencia doutras sinaturas —con poemas ou artigos— como as de Rosalía, Curros, Alejandro Casona, Ángel González Palencia, Carmiña Prieto Rouco, Waldo Álvarez Insua, Marcial Valladares Núñez, Isidoro Guede, Wenceslao Fernández Flórez, Manuel Gondell Linares, Pedro e Raimundo Vázquez Rábade, Ramón Marcote, Ricardo Fortes Alvarellos, Enrique Labarta Pose, Enrique Rivera Suárez (El caballero enlutado), Sinesio Fraga Vila, Pedro Subiela, Juan Bonich, Carlos Fernández Mora, Gerardo Gallegos, Manuel Nóvoa Costoya, Fermín Peraza Sarausa, Ernesto Padín, Amador Fernández Diéguez, Arturo Montó y Serrano, José Vázquez, Salvador Rueda, Faustino Díez Gaviño, Arturo Liendo, Ramón Román, Alfredo Gómez Jaime, Rafael López Moreira, Luis Pons, José María Calveiro, Pantófilo, Carmen Alicia Cadilla, Jesús Casifranco, José Justo Martínez, Secundino Baños, Antonio Rodríguez Álvarez, Jesús Suárez Pastoriza, José Eugenio Hermida, Federico Rico y Fraga, Francisco del Río Crespo, Rafael Marquina ou José Álvarez Núñez.

Polo que atinxe ós ilustradores, temos colaboracións de Ramón Peña, Castelao[32], Juan Luis, Fierros, Óscar Quintero, A. Suárez Couto, Martínez Buján e Aristizábal.

**4.4. Balance final.**

Mantivo *Cultura Gallega* nestes anos unha importante atención informativa cara ó ámbito dos emigrantes galegos de Cuba e, especialmente, ás súas sociedades e institucións. Sobresae sucintamente o seguimento do acontecer político, cultural, social, asistencial e económico no Centro Galego e na sociedade Hijas de Galicia. Pouco ou case nada atopamos, pola contra, da actualidade —tráxica e triste— da Galicia peninsular. Aínda así, cómpre valora-la actuación do Centro Galego (recollida nas páxinas de *Cultura Gallega*) ó solicita-la liberdade de Adelardo Novo y Brocas[33]. Na mesma liña a revista deu axeitada información da estancia na Habana de Castelao, en misión política de apoio á República, e da homenaxe da que foi obxecto (6-XII-1938) en “La Polar”. Tampouco pasou sen a correspondente crónica a homenaxe a Basilio Álvarez. En calquera caso, e sen deixar de valorar estas e outras actitudes na mesma liña, a revista proseguiu no seu difícil eclecticismo, no seu posicionamento puramente culturalista e apolítico, na súa visión sentimental de Galicia e na negativa a adoptar calquera clase de compromiso.

---

32 Á súa vez, Castelao foi debuxado por artistas españois e cubanos (José Delarra, Heriberto Portell, Samuel Feijoo, Juan Martínez Buján, Silvio Fontanillas, Walfrido Aparicio, Juan David ou José Luis Posada) durante a súa estancia en Cuba.

33 A interesante figura de Adelardo Novo y Brocas, no ámbito da emigración ferrrolá a Cuba, foi estudiada (xunto coas dos seus paisanos Guillermo Cedrón, Juan V. Martínez Quelle, José Novo y García, Xosé Fontenla Leal ou Calixto Loira) por Guillermo Llorca Freire, *Ferroláns en Cuba,* Biblioteca de Ferrolterra, Ferrol, 1997.

Semella evidente, ó considerar tanto a nómina de colaboradores como a temática de moitas colaboracións, que houbo unha diversificación de contidos coa subseguinte perda de identidade galega das páxinas da publicación, máis aberta ó ámbito español, americano e universal. A literatura e a música continuaron a manter unha privilexiada presencia, e nestes eidos non faltou a atención a Galicia, aínda que o emprego do galego foi sempre moi limitado. Homenaxes, necrolóxicas, aniversarios correspondentes a ilustres figuras como Concepción Arenal, Curros Enríquez, Ramón de la Sagra[34], Waldo Álvarez Insua, José Guede, María Pita e os xa citados Castelao e Basilio Álvarez entre outros, tiveron oportuno tratamento.

Fortemente vinculado, como dixemos, ó Centro Galego, *Cultura Gallega* foi víctima da poderosa institución. O seu equilibrio, ás veces (moi contadas) as súas críticas e a súa actitude de non se posicionar en defensa de ningún dos partidos con representatividade no Centro, rematou por provoca-la suspensión da subvención que este mantiña e a desaparición da revista, que certamente sempre padeceu atrancos económicos. Pero en definitiva, estamos diante dunha publicación de calidade e interese que foi non só voceira e impulsora do labor cultural galego en Cuba, senón testemuño valioso do día a día da comunidade galega na illa en tempos de dor e traxedia para Galicia. A lembranza da terra e a vontade didáctica de dar a coñece-las figuras e valores do pasado cultural e histórico galego foi unha constante. Cumpriu, en fin, a función de espallar e dignifica-lo que a súa cabeceira expresaba: a cultura galega.

## 5. Anexo: a hemerografía galega de Cuba na Biblioteca Nacional José Martí[35].

### 1. Catálogo de Publicacións da Biblioteca Nacional — Revistas Galegas

*Alma Gallega*

A penas hai un par de números do ano 1940.

[34] Vx. Neira Vilas, Xosé: "O fervor cubano de Ramón de la Sagra", en *Memoria da emigración, III*; op. Cit., pp. 59-69.

[35] Completámo-la información de fondos de hemerografía galega en Cuba que ofreciamos no facsímile de *La Tierra Gallega / La Alborada* (Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1999)

*Cénit*
Novamente incompleto. Do ano 1938 témo-lo número 1; de 1939 os números 10-13 e 16; de 1940 o número 13; de 1941 o 30; de 1943 os números 57-61 e 64; de 1945 o 88; de 1947 o 108; de 1957 o 148; de 1948 o 169; de 1959 os números 184 e 185 e de 1960 os números 192 e 197.

*Cospeito*
Están completos os anos 1980 e 1981.

*Cultura Gallega*
Están completos os seus catro anos 1936-1940.

*Cultura Hispánica*
Están completos os anos: 1942-1944, 1948-1955 e 1957.
Están fragmentados, conservándose números soltos: de 1940 hai os números 82-88; de 1941, 89-91, 93; de 1945 o 1; de 1946 o 2; de 1947 o 4; de 1956 o 13 e de 1958 o 16.

*Eco de Galicia*
Está completo o ano 1930.
Só se conservan algúns números de 1931 (363) e 1935 (381).

*El Galiciano*
Están incompletos os anos 1956 (só hai os números 5 e 6) e 1957 (falta o mes de marzo).

*Follas Novas*
Consérvanse números soltos: de 1900 (161); 1901 (188-189, 212-214, 234-237); 1902 (260-291); 1903 (292-312, 314, 316-320, 322-325, 327-333, 335, 337-338, 340-343) de 1904 (344-347, 349-354); de 1906 (458-463, 465-475, 477-478, 480-482, 484, 487, 492, 494-495); de 1907 (501, 503-507, 509-510, 512-519)

*Galicia*
Están completos os anos 1902-1904, 1909, 1910, 1915, 1918, 1920, 1922, 1924, 1927-1929.
Consérvanse números soltos dos anos 1905 (faltan os números 35-36, 39, 42-44 e 47); 1906 (faltan os números 10-12, 14-17, 28-31, 34-35, 38-40, 42, 46 e 49); 1907 (falta o número 19); 1908 (faltan os números 8, 41 e 43); 191 (falta todo o ano); 1912 (faltan os números 1, 4-5, 7, 10, 15-16, 18, 20-21 e 26); 1913 (faltan os números 14-15, 40, 42, 44 e 49-51); 1914 (falta o número 26); 1916 (faltan os números 1, 6, 13 e 24-26); 1917 (faltan os meses de xullo a decembro); 1919 (faltan os números 1, 7, 26 e os meses de xullo a decembro); 1921 (faltan os números 11, 37 e os meses de outubro a decembro); 1923 (faltan os números 8 e 49); 1925 (falta o número 40); 1926 (falta o número 13) e 1930 (faltan os números 7-9).

*Galicia Gráfica*
Hai dez números do ano 1913.

*Galicia Nueva*
Está completo o ano 1916.

*Heraldo de Galicia*
Está completo o ano 1933.
Non hai nada do ano 1934 e de 1935 só figura o mes de agosto.

*Heraldo Ortigueirés*
Están completos os anos 1944 e 1950-1958.

*Ideal Gallego*
Está completo o ano 1929.
Están fragmentados os anos 1927 (hai os números 27-29); 1928 (35-37, 40-41, 51, 54, 57, 60 e 63); 1930 (93-102); 1928 (54, 57, 60); 1929 (64, 66-67, 69); 1930 (98).

*La Alborada*
Está incompleto o ano 1912, pois faltan os números 1, 5 e 7.

*La Antorcha Gallega*
Está incompleto. Hai un número do ano 1913 (núm. 12); de 1914 os Núm. 24-32; e novamente algún número solto de 1915.

*La Patria Gallega*
Están fragmentados os anos 1912 (hai os números 30, 32-49) e 1913 (52, 54, 56-62, 65, 67-72).

*La Voz Gallega*
Hai os números 1-6 do ano 1937.

*Labor gallega*
Están fragmentados os anos 1915 (2-3, 5-6); e 1916 (1-4); de 1914 non hai nada.

*Lar*
Están fragmentados os anos 1940 (1) e 1941 (7 e 8).

*Loita*
Está fragmentado o ano 1940 (2-11).

*Patria Gallega*
Están completos: 1952-1957, 1959-1960.
Están fragmentados os anos 1942 (hai os números 2, 4-13); 1943 (20-21-24); 1945 (1, 4-14); 1946 (10-14); 1947 (22, 24-25, 27-28, 30-32, 33); 1948 (34, 36-37, 39-40, 42-43, 45); 1949 (46-50, 55); 1950 (56, 60-61, 63); 1951 (73, 75-76, 78-79, 81); 1958 (139-150).

*Santos e Meigas*
Están fragmentados os anos 1910 (hai os números 4, 8-11)e  1912 (3, 5-8, 11-12).

## 2. Reserva

*La Voz Gallega*
Recóllense os seguintes números do ano 1937: 1, 2, 3, 4, 5 e 6.

*Vida Gallega*
Recóllense os seguintes números: 1938 (25 e 31); 1939 (25 e 31); 1940 (25 e 31); 1941(25 e 31); 1942 (25 e 31); 1943 (25); 1944 (25); 1945 (25); 1946 (25); 1947 (25); 1948 (25 e 31); 1950(25); 1951(25);.

*Vivero en Cuba*
Está completo o ano 1911 (1-2).
Están fragmentados os anos 1912 (hai os números 3-8; 1925 (36); 1947 (65); (1954 (o mes de maio) e 1957 (xaneiro).

## 3. Publicacións Galegas na sala cubana da Biblioteca Nacional

*Aires d'a miña terra*
Só o número 20 do ano 1892.

*El Eco de Galicia*
Está fragmentado o ano 1894 (xullo 14, 28; agosto 4, 11; novembro 17).

*Galicia Moderna*
Están fragmentados os anos 1885 (14, 22 e 25); 1886 (20); 1887 (24), 1888 (9 e 11).

*La Región*
Só o número 11 do ano 1896.

*La Tierra Gallega*
Está completo o ano 1895.

Están fragmentados os anos 1894 (xullo, novembro e decembro); 1896 (xaneiro a novembro).

## II. Facsímile

# Cultura Gallega
## (A Habana, 1936-1940)

## Facsímile do ano 1936

# Cultura GALLEGA

A Habana 1936

# III. Índices

**(1.- Autores  2.- Títulos)**

## 1. Autores:

Anónimo

“Antonio Villar Ponte” (I, núm. 1, 5-IV-1936, p. 8)
“Antonio Casares Rodríguez” (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 10)
“Actualidades de Galicia” (gráfica) ( I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 17)
“Algunas visitas hechas por el Dr. González Rey” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 26)
“Anhelos fraternos” (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 20)
“A nuestros lectores” (I, núm. 6, 20-VI-1936, p. 10)
“A nuestros favorecedores” (I, núm. 15, 5-XI-1936, p. 27)
“Ante el Centenario de Rosalía” (I, núm. 16, 20-XI-1936, pp. 1-2)
“Ante las elecciones del Centro Gallego” (I, núm. 17-18, XII-1936, pp. 1-2)

“Bodas de oro del Centro Asturiano” (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 12)
“Buque Escuela de Guardias Marinas ‘Juan Sebastián de Elcano’” (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 24)
“Bellezas de la tierra” (I, núm. 7-8, VII— 1936, p. 29)
“¡Buen ejemplo!” (I, núm. 13-14, X-1936, p. 20)
“Beneficiencia de Naturales de Galicia” (I, núm. 15, 5-XI-1936, pp. 25-26)

“Centro Gallego. Nueva comisión ejecutiva” (I, núm. 1, 5-IV-1936, pp. 20-21)
“Centro Gallego” (I, núm. 2, 20-IV-1936, pp. 18-19)
“Cervantes” (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 4)
“Candidatas a Reina de ‘Los Mayos’ por las sociedades gallegas”(gráfica) (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 21)
“Contestando...” (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 10)
“Centro Gallego” (I, núm. 5 5-VI-1936, p. 15)
“*Cultura Gallega*” (I, núm. 6, 20-VI-1936, p. 4)
“Cancionero popular” (I, núm. 6, 20-VI-1936, p. 15)
“Centro Gallego” (I, núm. 6, 20-VI-1936, p. 18)
“Comité de las Damas de Unión Trivesa” (I, núm. 7-8, VII-1936, pp. 21-22)
“Con motivo de una triste nueva” (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 32)
“Centro Gallego” (I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 19)
“Colón, Español” (I, núm. 13-14, X-1936, p. 13)
“Colón” (I, núm. 13-14, X-1936, p.20)
“Centro Gallego” (I, núm. 13-14, X-1936, pp. 21-22)
“Concurso literario de *Cultura Gallega* en el Centenario de Rosalía de Castro” (I, núm. 15, 5-XI-1936, p. 2)
“Centro Gallego” (I, núm. 15, 5-XI-1936, pp. 22-23)
“Concurso literario de *Cultura Gallega* en el Centenario de Rosalía de Castro” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 2)
“Concurso literario de *Cultura Gallega* en el Centenario de Rosalía de Castro” (I, núm. 17-18, XII-1936, p. 26)

“Chané” (I, núm. 2, 20-IV-1936, pp. 21-22)

“Desde el umbral” (I, núm. 1, 5-IV-1936, pp.1 e 10)
“Deshaciendo un error. Partida de bautismo de don Ramón del Valle Inclán” (I, núm. 1, 5-IV-1936, p. 19)

“De Galicia: nota simpática del grupo alpinista ‘Abrente’” (I, núm. 1, 5-IV-1936, p. 23)
“Da terra” (grafica) (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 27)
“Da terra” (gráfica) (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 19)
“Da terra” (gráfica) (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 27)
“De la tierra: Don José Calvo Sotelo” (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 19)
“De la ‘Unión Barcalesa’” (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 39)
“¿Derechas/ Izquierdas?” (I, núm. 9-10, VIII-1936, pp. 1-2)
“De la ‘Unión Trivesa’” (I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 32)
“Del Panteón de la Beneficiencia Gallega” (gráfica) (I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 32)
“Da nosa rula” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 7)
“Destacada personalidad española llegó a La Habana” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 25)
“De sociedad” (I, núm. 17-18, XII-1936, pp. 22-23)
“Del arte cinematográfico español: Imperio Argentina” (gráfico) (I, núm. 17-18, XII-1936, p. 29)

“Efemérides gallegas” (centenarios) (I, núm. 1, 5-IV-1936, p. 15)
“El Plebiscito del Estatuto de Galicia” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 25)
“El aviador teniente Menéndez en La Habana” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 26)
“El Dr. Marañón en Galicia” (I, núm. 5, 5-VI-1936, pp. 31-32)
“El descubrimiento del Santo Sepulcro...” (gráfica) (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 7)
“Ecos de una fiesta” (gráfica) (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 31)
“Envío” (I, núm. 5, 5-VI-1936, pp. 15-16)
“¡En Galicia hay hombres libres!” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 5)
“Ecos de una Boda” (I, núm. 17-18, XII-1936, p. 25)
“España Monumental” (gráfica) (I, núm. 17-18, XII-1936, p. 27)

“Ferrocarriles gallegos”, (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 25)
“Feijóo” (I, núm. 13-14, X-1936, p. 13)

“Gonzalo de Palacio” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 16)
“Gráficos de la Colonia” (gráfico), (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, pp. 22-23)
“Galicia y sus problemas vitales: una brillante intervención de Antonio Alonso Ríos en el Congreso de los Diputados” (I, núm. 5, 5-VI-1936, pp. 25-26)
“Galicia en La Habana: *Cultura Gallega*” (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 26)

“Hace un siglo” (I, núm.1, 5-IV-1936, pp. 9-10)
“Homenaje sociales” (gráfica) (I, núm. 1, 5-IV-1936, pp. 16-17)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 20)
“Hijas de Galicia”, (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 30)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 18)
“Hijas de Galicia” (gráfica) (I, núm. 6, 20-VI-1936, p. 16)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 20)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 11-12, IX-1936, p. 22)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 13-14, X-1936, pp. 23-24)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 15, 5-XI-1936, p. 24)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 26)

“La calurosa acogida...” (I, núm 2, 20-IV-1936, p.1)
“Los dos nuevos Jefes de Estado” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 20)

“La edición de este número...” (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 1)
“Los aspectos interesantes de Galicia” (gráfica), (I, núm. 7-8, VII-1936, pp. 24-25)
“Locales” (gráfica) (I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 14)
“La Rábida” (I, núm. 13-14, X-1936, pp. 6-7)

“Mayos en ‘La Tropical’ ¿Quién lo diría?” (I, núm. 2, 20-IV-1936, pp. 12-14)

“Noticias de Galicia” (I, núm. 1, 5-IV-1936, pp. 29-32)
“Noticias de Galicia” (I, núm. 2, 20-IV-1936, pp. 28— 32)
“Nuevos colaboradores” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p.1)
“Nuestro corresponsal en la Coruña” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 13)
“Nuevos colaboradores” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 18)
“Noticias del Valle del Ulla. Nuevos sindicatos agrarios en esta zona” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 28)
“Noticias de Galicia”, (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, pp. 36-40)
“Nuestro amor a Galicia...” (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 1)
“Noticias de Galicia” (I, núm. 5, 5-VI-1936, pp. 28-30)
“Noticias de Galicia” (I, núm. 6, 20-VI-1936, pp. 27-32)
“Nuestros valores” (gráfica) (I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 10)
“Nuestra Portada. Torre de Hércules” (I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 10)
“Nuestro corresponsal en Orense” ( I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 11)
“Noticias de Galicia” (I, núm. 9-10, VIII-1936, pp. 27-32)
“Noticias de Galicia” (I, núm. 11-12, IX-1936, pp. 27-32)
“Noticias de Galicia” (I, núm. 13-14, X-1936, pp. 31-32)
“Nuestro homenaje a Rosalía de Castro” ( I, núm. 15, 5-XI-1936, p. 1)

“Obituario” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 16)
“Opinión valiosa acerca de Rosalía de Castro” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 6)

“Pensamientos del rico tesoro intelectual femenino de Galicia” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 25)
“Página especial dedicada a nuestros amigos y favorecedores” (I, núm. 6, 20-VI-1936, p. 14)
“Página de los amigos” (gráfica) (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 23)
“Pascual Veiga Iglesias” (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 33)
“¡Para los Huérfanos Españoles!” (I, núm. 9-10, VIII-1936, p. 8)
“Párrafos de un trabajo de Juan Torrendell. Comentando *España Virgen* de Waldo Frank” (I, núm. 13-14, X-1936, p. 7)

“¡Quién tuviera criados!” (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 12)
“¿Quién dice la verdad?” (I, núm. 11-12, IX-1936, pp.1-2).

“Recordando a Feijóo” (I, núm. 15, 5-XI-1936, p. 6)
“Recordando a Nóvoa Santos” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 9)
“Recuerdo de una Fiesta muy agradable” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 27)
“Riveras del Tambre y Valle de la Mahía” (I, núm. 17-18, XII-1936, p. 30)

“Sociales” (gráfica) (I, núm. 2, 20-IV-1936, pp. 16-17)
“Sabio consejo” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 5)

“Sociales” (gráfica) (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 12)
“Seminario de Estudos Galegos” (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 19)
“Seminario de Estudos Galegos. Fructíferas actividades” ( I, núm. 9-10, VIII-1936, pp. 4-5)
“Sr. Adolfo Calveiro” (carta) (I, núm. 13-14, X-1936, p. 15)

“Teoría elemental de la música” (I, núm. 1, 5-IV-1936, p. 25)
“Toda campaña fundada tiene siempre buena acogida” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 28)
“Teoría elemental de la música” (I, núm. 5, 5-VI-1936, p. 10)
“Teoría elemental de la música” (I, núm. 6, 20-VI-1936, p. 10)

“Un gallego propulsor de la cultura cubana” (I, núm. 2, 20-IV-1936, p. 5)
“Una explicación debida a nuestros lectores” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, p. 10)
“Una entrevista con el Dr. Manuel González Rey” (I, núm. 3-4, 5 e 20-V-1936, pp. 15-16)
“Una nota del general Franco” (I, núm. 16, 20-XI-1936, p. 32)
“Una valiosa colaboración” (I, núm. 17-18, XII-1936, p. 2)

“Valores de la Galicia de hoy” (I, núm. 17-18, XII-1936, pp. 11-12)

“Ya es hora de irse preparando” (I, núm. 6, 20-VI-1936, pp. 1-2)

“12 de octubre ‘Día de España’” (I, núm. 13-14, X-1936, pp. 1-2)

Arias Fernández, Manuel
“Hijas de Galicia. Algo de Historia” (I, núm. 1, 5-IV-1936, pp. 22-23)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 6, 20-VI-1936, p. 19)
“Hijas de Galicia” (I, núm. 7-8, VII-1936, p. 42)
